

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

**11161** *Real decreto 924/2015, do 16 de outubro, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Instituto de Vivienda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa.*

A disposición adicional quincuaxésimo primeira da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, aprobou a refundición dos organismos autónomos Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas e Xerencia de Infraestrutura e Equipamento da Defensa, estableceu que o novo Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa, en diante Invied, como organismo resultante da citada refundición, asumiría as funcións, dereitos e obrigas dos dous organismos, e remitiu a un desenvolvemento posterior para a plena asunción e execución das súas competencias.

Respondendo aos principios de eficacia e eficiencia, considerouse a canle apropiada para sumar esforzos na xestión e alleamento das vivendas militares, do patrimonio inmobiliario propio e do posto á súa disposición.

Este organismo autónomo asumiu, por tanto, as funcións, os dereitos e as obrigas que, até ese momento, desenvolvían os citados organismos autónomos e outras novas que a citada disposición adicional quincuaxésimo primeira da Lei 26/2009, do 23 de decembro, lle atribuíra, como son a xestión, explotación, utilización e mesmo o alleamento, tanto no ámbito interno coma no estranxeiro, dos bens mobles destinados á defensa que se poñan á súa disposición para o cumprimento dos seus fins e a posibilidade de que o Ministerio de Defensa encomende ao organismo a utilización e explotación económica e comercial dos bens afectados ao dominio público cuxas características, situación e réxime de utilización fagan posible este tipo de utilización adicional.

Desta maneira, mediante o Real decreto 1286/2010, do 15 de outubro, aprobouse o Estatuto do Invied.

Pola súa parte, o Servizo Militar de Construcións, en diante SMC, creado pola Lei do 2 de marzo de 1943 e regulado polo Real decreto 1143/2012, do 27 de xullo, mediante o cal se aprobou o seu estatuto, era un organismo autónomo que tiña como funcións a execución de obras vinculadas ás necesidades da defensa que lle fosen encomendadas, a execución de obras de interese nacional cando, por circunstancias que nelas concorran, así o acordase o Goberno e as obras públicas a cargo de calquera ministerio, cando estas non puidesen ser executadas por quedar deserta a licitación, sempre que así llo solicitase ao ministro de Defensa o titular do departamento a quen afecte a obra que se pretenda realizar.

Dentro do proceso de racionalización das estruturas da Administración xeral do Estado, levada a cabo polo Goberno, co fin de converter a Administración española nun factor de eficiencia e produtividade que posibilite o crecemento económico e a prestación efectiva dos servizos públicos, a Comisión para a Reforma das Administracións Públicas (CORA), creada polo Acordo do Consello de Ministros do 26 de outubro de 2012, elaborou un informe, elevado ao Consello de Ministros o día 21 de xuño de 2013, en que, entre outras propostas, incluía a integración do organismo autónomo SMC no organismo autónomo Invied ao considerar que este último responde ao tipo de organismo con fins máis xerais e que proporcionan maior volume de recursos e actividade.

Na súa virtude, aprobouse a Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, en cuxo artigo 1 se aproba a integración do SMC no Invied e se establece, no seu punto 2, que o Invied conservará a súa condición de organismo autónomo dos previstos no artigo 43.1.a) da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, así como a súa personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesouraría propios,

autonomía de xestión e plena capacidade de obrar, dentro da esfera da súa competencia e para o cumprimento dos fins establecidos na Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas, no artigo 71 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, na disposición adicional quincuaxésimo primeira da Lei 26/2009, do 23 de decembro, e no Real decreto 1286/2010, do 15 de outubro. Tamén asumirá os fins e funcións encomendados ao SMC na Lei do 2 de marzo de 1943 e no Real decreto 1143/2012, do 27 de xullo, subrogándose nos seus dereitos e obrigacións. Ademais, corresponderalle a execución de obras co seu orzamento para os cuarteis xerais dos exércitos, órgano central e demais organismos dependentes do Ministerio de Defensa.

Pola súa parte, debido á necesidade de dispor dun orzamento integrado para o Invied para o exercicio 2015, e co fin de conseguir que con cargo a este se poidan facer efectivos todos os gastos e ingresos que resulten da actividade dos dous organismos integrados desde o 1 de xaneiro de 2015, mediante a disposición derradeira vixésimo terceira da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2015, modificouse a Lei 15/2014, do 16 de setembro, no sentido de eliminar o prazo para a integración efectiva do SMC no citado instituto, que se contiña na dita lei e, con efectos do 1 de xaneiro de 2015, retrotraer a súa dependencia orgánica e funcional á súa entrada en vigor.

De acordo co anterior, coa finalidade fundamental de adaptar o Estatuto do Invied á integración prevista na Lei de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, tal e como se establece no seu artigo 1.3, e considerando as melloras necesarias que cómpre introducir, consecuencia da experiencia acumulada desde a creación do Invied, faise necesaria a aprobación deste real decreto, que é coherente non só coa normativa rectora dos organismos autónomos que se refundiron no seu momento, é dicir, co artigo 71 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de adaptación do organismo autónomo Xerencia de Infraestrutura da Defensa á Lei 6/1997, do 14 de abril, e coa Lei 26/1999, do 9 de xullo, senón tamén coa normativa do organismo que agora se integra, é dicir, a Lei do 2 de marzo de 1943 e o seu estatuto, aprobado polo Real decreto 1143/2012, do 27 de xullo.

A finalidade das actividades inmobiliarias e urbanísticas do novo organismo será garantir o financiamento preciso para o seu propio funcionamento, a construción ou a adquisición de infraestrutura e equipamento para o seu uso polas Forzas Armadas, o cumprimento dos fins de atención á mobilidade xeográfica dos seus membros, a profesionalización e modernización da Defensa e do persoal ao seu servizo e a contribución ao desenvolvemento de programas específicos de investigación, desenvolvemento e innovación neste mesmo ámbito.

Esta norma recolle as competencias que xa tiña encomendadas o Invied no seu estatuto e, en aplicación do disposto no artigo 1 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, as que tiña encomendadas o SMC, así como a execución de obras, co orzamento do organismo, para os cuarteis xerais dos exércitos, órgano central e demais organismos dependentes do Ministerio de Defensa, de acordo co Plan de investimentos do organismo, en coordinación coa Dirección Xeral de Infraestrutura.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Defensa e por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de outubro de 2015,

DISPOÑO:

*Artigo primeiro. Integración do Servizo Militar de Construcións no Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa.*

De acordo co disposto no artigo 1 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, e producida, con data do 1 de xaneiro de 2015, a integración efectiva do Servizo Militar de Construcións (SMC) no Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa (Invied), mediante este real

decreto establécense as condicións e a forma da dita integración, así como a extinción do SMC.

Artigo segundo. *Aprobación do Estatuto do Invied.*

Apróbase o Estatuto do Invied, que a continuación se insire, de acordo co disposto no artigo 1.3 da Lei 15/2014, do 16 de setembro.

Disposición adicional primeira. *Remisión normativa.*

1. Todas as referencias da normativa vixente aos extintos Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas, Xerencia de Infraestrutura e Equipamento da Defensa, e SMC se entenderán feitas ao Invied.

2. Todas as delegacións de competencia existentes a favor do director xerente do Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas, do director xerente da Xerencia de Infraestrutura e Equipamento da Defensa e do director xerente do SMC se entenderán efectuadas ao director xerente do Invied.

Disposición adicional segunda. *Integración de patrimonios.*

1. Todos os bens, dereitos e obrigacións integrantes do patrimonio do SMC se consideran incorporados ao patrimonio do Invied desde o día 1 de xaneiro de 2015.

2. De conformidade co establecido no artigo 1.2 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, o Invied asumirá os fins e funcións encomendados ao SMC na Lei do 2 de marzo de 1943, pola que se crea o SMC, e no Real decreto 1143/2012, do 27 de xullo, polo que se aproba o seu estatuto, e subrogarase nos dereitos, obrigacións e toda clase de relacións xurídicas que correspondan ao organismo autónomo suprimido, nas condicións que se establecen no presente estatuto.

3. Os cambios de titularidade dos citados dereitos, obrigacións e relacións xurídicas que correspondan ao organismo autónomo suprimido, producidos como consecuencia da subrogación a que se refire o punto anterior, non darán lugar en ningún caso á extinción dos contratos ou das relacións xurídicas preexistentes.

Disposición adicional terceira. *Incorporación de vivendas do SMC.*

De acordo co disposto no artigo 1.5 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, as vivendas que forman parte do patrimonio do SMC quedarán integradas no patrimonio do Invied, coa cualificación de vivendas militares non alleables. O seu destino poderá ser modificado posteriormente, cando varíen as circunstancias iniciais, polo ministro de Defensa en virtude da facultade recoñecida no artigo 19 do estatuto que se aproba mediante este real decreto.

En relación co dereito de uso, ás citadas vivendas seralles de aplicación o establecido no artigo 20 do estatuto que se aproba mediante este real decreto.

Disposición adicional cuarta. *Plan director.*

Nas materias relativas ao pagamento da compensación económica, á adxudicación de vivendas militares en réxime de arrendamento especial e á concesión de axudas para o acceso á propiedade de vivenda, a Subsecretaría de Defensa elaborará un plan director anual, que deberá ser aprobado polo Pleno do Consello Reitor do organismo con carácter previo á súa execución, en que se establecerán as medidas e os criterios que se seguirán no desenvolvemento e na execución das ditas materias. Corresponderán ao Consello Reitor o seguimento e o control da execución do dito plan.

Disposición adicional quinta. *Non incremento do gasto público.*

O novo estatuto que se aproba con este real decreto e as demais medidas que se regulan nel levaranse a cabo sen incremento de dotacións nin de retribucións ou doutros gastos de persoal.

Disposición adicional sexta. *Financiamento dos postos directivos.*

Para cumprir co establecido na disposición adicional vixésimo cuarta da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2015, que establece que, durante o ano 2015, calquera nova actuación que propoñan os departamentos ministeriais non poderá supor aumento neto dos gastos de persoal ao servizo da Administración, o financiamento da nova subdirección xeral en que se incrementa a estrutura do Ministerio de Defensa no momento da entrada en vigor deste real decreto efectuarase mediante a redución nas relacións de postos militares de, ao menos, un posto asignado ao emprego de xeneral de brigada, de forma que se compensen totalmente os custos de persoal.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio do persoal.*

1. O persoal funcionario, militar e laboral que estea prestando servizo no SMC será adscrito ao Invied e respectaráselle a situación administrativa ou laboral en que se encontre no momento en que teña lugar a integración até que se adopten as medidas de desenvolvemento deste real decreto.

2. As unidades administrativas e postos de traballo con nivel orgánico inferior a subdirección xeral continuarán subsistentes e, dependendo das subdireccións xerais do Invied, de acordo coas funcións atribuídas a cada unha delas no estatuto que se aproba por medio deste real decreto, coa excepción do establecido na disposición transitoria sexta para as actuais delegacións do SMC.

Disposición transitoria segunda. *Vivendas desafectadas.*

As vivendas desafectadas e que fosen postas á disposición da extinta Xerencia de Infraestrutura e Equipamento da Defensa, cando sexan cualificadas como vivendas militares consonte as prescricións que se determinan no estatuto que se aproba por medio deste real decreto, allearanse consonte o disposto no seu título III, capítulo II.

Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio de alleamento de inmobles.*

Sen prexuízo do réxime establecido na disposición adicional sexta da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e até a fin da vixencia do réxime de xestión patrimonial previsto na disposición adicional sétima da referida lei, o Invied poderá allear as vivendas militares e os demais bens inmobles que estean inscritos nos diferentes rexistros da propiedade a favor do Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas ou dos extintos padroados de casas militares do Exército de Terra, de casas da Armada e de casas do Exército do Aire, da Xerencia de Infraestrutura e Equipamento da Defensa, e do SMC, así como todos aqueles inmobles que se poñan á súa disposición, sen necesidade de actualizar as titularidades rexistradas de tales bens.

Disposición transitoria cuarta. *Execución orzamentaria.*

Nos termos previstos na Lei 36/2014, do 26 de decembro, e na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, desde o 1 de xaneiro de 2015 existe un orzamento único do Invied, con cargo a cuxas dotacións se contraerán todas as obrigacións correspondentes ás operacións executadas polos organismos que se integran.

Disposición transitoria quinta. *Vixencia de determinadas normas.*

Mentres existan vivendas ás cales lles sexa de aplicación, manterán a súa vixencia as disposicións seguintes:

- a) Orde ministerial 26/1993, do 17 de marzo, pola que se regula o réxime aplicable ás vivendas recollidas no artigo 44 do Real decreto 1751/1990, do 20 de decembro.
- b) Orde ministerial 127/1993, do 28 de decembro, pola que se fixan os novos canons de uso das vivendas recollidas no artigo 44 do Real decreto 1751/1990, do 20 de decembro, reguladas pola Orde ministerial 26/1993, do 17 de marzo.

Disposición transitoria sexta. *Réxime das delegacións do SMC.*

As delegacións do SMC existentes no momento de aprobación deste real decreto continuarán subsistindo como delegacións de obras do Invied co ámbito territorial que se estableza, até que finalicen as obras xa encomendadas ao SMC a que se refire a disposición transitoria seguinte, momento en que pasarán a integrarse nas áreas de patrimonio das subdelegacións de Defensa e dependerán organicamente delas e funcionalmente do Invied para o desenvolvemento e a execución das súas funcións.

Ás correspondentes áreas de patrimonio incorporárase o persoal procedente do SMC necesario para exercer as funcións encomendadas á Subdirección Xeral de Obras no estatuto que se aproba mediante este real decreto, logo de acordo coa Dirección Xeral de Persoal e a Secretaría Xeral Técnica.

Mentres se consideren delegacións de obras do Invied, a súa creación ou supresión, segundo as necesidades de funcionamento, faraa o director xerente do organismo, logo das autorizacións pertinentes.

Disposición transitoria sétima. *Réxime transitorio das obras xa encomendadas ao SMC.*

1. As obras encomendadas ao SMC por outros órganos da Administración con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto continuarán executándose o Invied até a súa finalización, cos criterios utilizados polo SMC en función das especialidades e desenvolvemento da obra.
2. As delegacións de facultades realizadas polo director xerente do SMC continuarán vixentes e entenderanse efectuadas polo director xerente do Invied até que se ditén outras novas.

Disposición transitoria oitava. *Expedientes de desafuzamento.*

Nos expedientes de desafuzamento que se encontren en tramitación no momento da entrada en vigor deste real decreto e naqueles sobre os cales, téndose ditado resolución administrativa non se ditase sentenza firme, en que concorran as condicións e os requisitos que se establecen no artigo 25 do estatuto que se aproba por medio deste real decreto, pola concorrencia de situacións de grave necesidade ou polas excepcións establecidas na resolución ditada en desenvolvemento do seu artigo 31.1.b), ditarase de oficio resolución de arquivamento ou, de ser o caso, desistírase da solicitude de entrada en domicilio calquera que sexa a fase en que se encontre o procedemento, aínda que se ditase o correspondente auto.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogados o Real decreto 1286/2010, do 15 de outubro, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa, coa excepción da súa disposición derradeira primeira, e o Real decreto 1143/2012, do 27 de xullo, polo que se aproba o Estatuto do organismo autónomo Servizo Militar de Construcións.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Defensa para ditar, no ámbito das súas competencias, cantas disposicións resulten necesarias para o desenvolvemento e a aplicación deste real decreto, sen prexuízo das autorizacións expresas que nel se recollen.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 16 de outubro de 2015.

FELIPE R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,  
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

## **ESTATUTO DO ORGANISMO AUTÓNOMO INSTITUTO DE VIVENDA, INFRAESTRUTURA E EQUIPAMENTO DA DEFENSA**

### TÍTULO I

#### **Do Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa**

### CAPÍTULO I

#### **Disposicións xerais**

Artigo 1. *Natureza e adscrición.*

1. O Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa, en diante Invied, creado pola disposición adicional quincuaxésimo primeira da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, configúrase como organismo autónomo, dependente do Ministerio de Defensa, integrado na Secretaría de Estado de Defensa, adscrito á Dirección Xeral de Infraestrutura e sometido ao réxime previsto para os organismos públicos no título III da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, sen prexuízo das excepcións previstas no artigo 2 deste estatuto respecto do réxime patrimonial das vivendas militares.

2. O organismo autónomo Invied ten personalidade xurídica pública diferenciada, patrimonio e tesouraría propios, así como autonomía de xestión e plena capacidade de obrar, dentro da súa esfera de competencia, para o exercicio das potestades administrativas precisas para o cumprimento dos fins que o artigo 71 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e a Lei 26/1999, do 9 de xullo, de medidas de apoio á mobilidade xeográfica dos membros das Forzas Armadas, atribúen á Xerencia de Infraestrutura e Equipamento da Defensa e ao Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas, respectivamente, así como as que atribúe ao Servizo Militar de Construcións a Lei do 2 de marzo de 1943, pola que se crea o Servizo Militar de Construcións, e asume as funcións, dereitos e obrigacións que se establecen na referida disposición adicional quincuaxésimo primeira da Lei 26/2009, do 23 de decembro, no artigo 1 da Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, e neste estatuto.



#### Artigo 2. *Réxime xurídico.*

O Invied réxese pola Lei 15/2014, do 16 de setembro, pola disposición adicional quincuaxésimo primeira da Lei 26/2009, do 23 de decembro, polas disposicións contidas no artigo 71 da Lei 50/1998, do 30 de decembro, na Lei 26/1999, do 9 de xullo, na Lei do 2 de marzo de 1943, así como pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, pola Lei 6/1997, do 14 de abril, pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, no que se refire ao réxime orzamentario, económico-financiero, de contabilidade e de intervención, polo texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, pola Lei 24/2011, do 1 de agosto, de contratos do sector público nos ámbitos da defensa e da seguridade, e o texto refundido da Lei do solo aprobado polo Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño, polas normas que desenvolven as citadas leis, polas que se conteñen neste estatuto e demais que resulten de aplicación, coas excepcións establecidas na citada Lei 26/1999, do 9 de xullo, respecto ao réxime patrimonial das vivendas militares.

#### Artigo 3. *Réxime patrimonial.*

1. O patrimonio do Instituto está integrado, ademais de por aqueles bens que lle sexan adscritos pola Administración xeral do Estado, polos inmobles, solo, bens e dereitos da extinta Xerencia de Infraestrutura e Equipamento da Defensa, dos extintos padroados de casas militares, do extinto Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas e do Servizo Militar de Construcións, así como polas vivendas cualificadas como vivendas militares e aqueles bens e dereitos que adquira no curso da súa xestión ou que lle sexan incorporados por calquera persoa pública ou privada e por calquera título.

2. Así mesmo, o Invied poderá xestionar, allear ou realizar calquera outro negocio xurídico permitido polas leis respecto dos bens que se puxesen ou se poñan á disposición do Invied a partir da entrada en vigor do real decreto polo que se aproba este estatuto e daqueles que xa se puxeron á disposición da extinta Xerencia de Infraestrutura e Equipamento da Defensa, sen prexuízo do disposto no punto 1 da disposición adicional sétima da Lei 33/2003, do 3 de novembro.

#### Artigo 4. *Recursos económicos.*

1. Os recursos económicos do Invied poderán provir das seguintes fontes:

- a) Os bens e dereitos que integran o seu patrimonio.
- b) Os produtos e rendas do dito patrimonio.
- c) Os bens mobles e inmobles postos á súa disposición polo Ministerio de Defensa.
- d) Os ingresos ordinarios e extraordinarios obtidos no exercicio das súas actividades.
- e) Os ingresos obtidos como consecuencia dos alleamentos de todo tipo de bens inmobles e mobles, así como os resultantes da súa explotación.
- f) As consignacións específicas que teña asignadas nos orzamentos xerais do Estado.
- g) As transferencias correntes ou de capital que procedan das administracións ou entidades públicas.
- h) As doazóns, legados e outras achegas de entidades privadas e de particulares, así como de organizacións, xa sexan nacionais ou internacionais.
- i) Calquera outro recurso que, por precepto legal ou regulamentario, lle poida ser atribuído.

2. Os ingresos procedentes das actividades do Invied aplicaranse a cubrir as obrigacións derivadas do funcionamento e dos fins do Instituto previstos neste estatuto, así como nas normas de rango legal que se citan no artigo 2.

Entre outros, aplicaranse a atender a adquisición de infraestrutura e equipamento para o seu uso polas Forzas Armadas, a compensación económica e as axudas para a adquisición de vivenda dos seus membros, así como aos fins de profesionalización e modernización da Defensa e do persoal ao seu servizo, e a programas específicos de investigación, desenvolvemento e innovación no ámbito da defensa e a execución de obras co seu orzamento para os cuarteis xerais dos exércitos, órgano central e demais organismos dependentes do Ministerio de Defensa, de acordo co Plan de investimentos do organismo en coordinación coa Dirección Xeral de Infraestrutura.

Así mesmo, poderán aplicarse ás necesidades operativas das Forzas Armadas e cumprirse tales fins mediante as oportunas transferencias do Invied ao Estado.

3. A posibilidade de remisión de fondos do organismo ao Estado para atender necesidades das Forzas Armadas farase naqueles casos previstos por norma con rango de lei e axustarase ao seguinte procedemento:

a) O Consello Reitor avaliará, dentro das súas previsións orzamentarias anuais, as posibilidades de financiamento que para necesidades operativas das Forzas Armadas lle fosen solicitadas, de acordo cos plans aprobados polo Ministerio de Defensa.

b) O director xerente, unha vez autorizado polo Consello Reitor, disporá da iniciación dos preceptivos expedientes de modificación orzamentaria necesarios para tal finalidade.

#### Artigo 5. *Réxime de contratación.*

O réxime de contratación do Invied rexerese polo disposto no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e na Lei 24/2011, do 1 de agosto.

#### Artigo 6. *Réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control.*

O réxime orzamentario, económico-financeiro, de contabilidade e de control será o establecido para os organismos autónomos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, e demais normativa que resulte de aplicación.

Sen prexuízo das competencias fiscalizadoras atribuídas ao Tribunal de Contas pola Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas, e polas demais leis que desenvolven as súas competencias, o Invied estará sometido á función interventora, ao control financeiro permanente e á auditoría pública, que exercerá a Intervención Xeral da Administración do Estado, a través da Intervención Xeral da Defensa, consonte o disposto na Lei 47/2003, do 26 de novembro.

#### Artigo 7. *Réxime de persoal.*

1. O persoal ao servizo do organismo autónomo Invied será funcionario ou laboral, nos mesmos termos establecidos para a Administración xeral do Estado. Así mesmo, tamén prestará servizos naqueles postos de traballo en que se especifique esta posibilidade de persoal militar profesional.

2. O organismo autónomo Invied propondrá aos órganos competentes, a través do Ministerio de Defensa, as relacións de postos de traballo do persoal funcionario e laboral.

3. A provisión de postos de traballo e a mobilidade do persoal funcionario, militar e, de ser o caso, do persoal laboral, levarase a cabo de conformidade cos réximes xurídicos que sexan de aplicación en función dos tipos de persoal a que se refire o punto 1 deste artigo.

4. O persoal laboral rexerese polo disposto na lexislación laboral e no convenio colectivo que lle sexa de aplicación.

#### Artigo 8. *Funcións.*

O Invied ten como funcións as seguintes:



- a) Adquirir, por compra ou por calquera outro medio admitido en dereito, bens inmobles e dereitos reais destinados á infraestrutura e uso polas Forzas Armadas, así como bens mobles, armamento e material para o seu uso por aquelas.
- b) Allear a título oneroso bens inmobles que sexan desafectados polo Ministerio de Defensa e postos á súa disposición. Tales alleamentos axustaranse ao previsto no artigo 71.cinco da Lei 50/1998, do 30 de decembro, na Lei 33/2003, do 3 de novembro, e ás disposicións deste estatuto.
- c) Allear a título oneroso as vivendas militares que resulten alleables de acordo co disposto na Lei 26/1999, do 9 de xullo, e neste estatuto.
- d) Xestionar e allear bens propios, incluídos os establecidos na disposición adicional terceira da Lei 26/1999, do 9 de xullo.
- e) Xestionar, explotar, utilizar e allear a título oneroso, tanto no ámbito interno como no estranxeiro, os bens mobles, armamento, material e equipamento destinados á defensa que, non sendo de utilidade para o departamento, se poñan á súa disposición para o cumprimento dos seus fins.
- f) Coadxugar, coa xestión dos bens inmobles que sexan postos á súa disposición, no desenvolvemento e execución das distintas políticas públicas en vigor e, en particular, da política de vivenda en colaboración coas administracións competentes. Para tal efecto, poderá subscribir coas ditas administracións convenios, protocolos ou acordos tendentes a favorecer a construción de vivendas suxeitas a algún réxime de protección que permita taxar o seu prezo máximo en venda, alugamento ou outras formas de acceso á vivenda.
- g) Recoñecer e aboar as compensacións económicas previstas na Lei 26/1999, do 9 de xullo.
- h) Adxudicar vivendas en réxime de arrendamento especial ao persoal militar.
- i) Conceder axudas para a adquisición de vivendas polo persoal militar.
- j) Manter, conservar e xestionar as vivendas militares, pavillóns de cargo e demais bens inmobles que se integran no seu patrimonio.
- k) Promover e apoiar a constitución de cooperativas que executen programas de construción de vivendas en propiedade para o persoal militar.
- l) Aplicar medidas que faciliten o exercicio do dereito de uso vitalicio das vivendas militares nos termos previstos na Lei 26/1999, do 9 de xullo.
- m) Desenvolver as directrices do Ministerio de Defensa en materia de patrimonio, contribuíndo á realización dos plans de infraestrutura das Forzas Armadas, mediante a execución de programas e proxectos de investimento, incluídos aqueles destinados á mellora das condicións de vida do persoal militar, en materia de aloxamentos, dentro do marco do proceso de profesionalización e modernización das Forzas Armadas.
- n) Colaborar coas corporacións locais e coas comunidades autónomas ou cos seus organismos públicos no planeamento urbanístico e a súa coordinación cos plans de infraestrutura das Forzas Armadas. De ser o caso, poderá propor modificacións aos plans urbanísticos e redactar plans parciais, especiais e estudos de detalle, así como realizar obras de conservación, reparación, urbanización e calquera outra actuación necesaria para o cumprimento dos seus fins.
- ñ) Contribuír con informes técnicos á elaboración e realización dos plans de infraestrutura das Forzas Armadas, así como os informes que lle sexan requiridos en materia de propiedades do Ministerio de Defensa.
- o) Utilizar e explotar económica e comercialmente os bens afectados ao dominio público na forma e casos previstos no artigo 53 deste estatuto.
- p) Executar obras co orzamento do organismo para os cuarteis xerais dos exércitos, órgano central e demais organismos dependentes do Ministerio de Defensa, de acordo co plan de investimentos do organismo, en coordinación coa Dirección Xeral de Infraestrutura.
- q) Executar obras vinculadas ás necesidades da defensa que lle sexan encomendadas.
- r) Executar obras de interese nacional, cando polas circunstancias que nelas concorran así o acorde o Goberno.

s) As obras públicas a cargo de calquera ministerio, cando non puidesen ser executadas por quedar deserta a licitación, sempre que así o solicite do ministro de Defensa o titular do departamento a que afecte a obra que se pretende realizar.

#### Artigo 9. *Capacidade legal.*

Para o cumprimento dos seus fins, o Instituto terá a máis ampla capacidade legal para:

- a) Administrar e dispor do seu patrimonio propio para o cumprimento dos seus fins, así como percibir os froitos, rendas e demais rendementos ou produtos dos seus bens propios ou postos á súa disposición.
- b) Adquirir por calquera título, allear e arrendar toda clase de bens inmobles e mobles, así como calquera dereito sobre eles.
- c) Gravar, permutar, allear e dispor a título oneroso dos bens que constitúen o seu patrimonio e dos que se poñan á súa disposición.
- d) Contratar e xestionar a execución das obras definidas no texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e a prestación de toda clase de servizos.
- e) Repercutir aos usuarios os servizos e subministracións que se presten nas vivendas militares e prazas de aparcadoiro, e exixir o seu pagamento conforme o establecido na Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.
- f) Resolver as reclamacións sobre responsabilidade patrimonial que se formulen contra o organismo.

#### Artigo 10. *Fin da vía administrativa.*

Consonte o establecido na disposición adicional décimo quinta.3 da Lei 6/1997, do 14 de abril, os actos e resolucións do director xerente do Instituto poñen fin á vía administrativa.

Contra tales actos e resolucións só procederá recurso contencioso-administrativo e, con carácter potestativo, poderase interpor recurso de reposición.

## CAPÍTULO II

### Da organización do Instituto

#### Artigo 11. *Órganos de goberno.*

Os órganos de goberno do Instituto son os seguintes:

- a) O Consello Reitor.
- b) O director xerente.

#### Artigo 12. *Consello Reitor.*

1. O Consello Reitor poderá reunirse en pleno e en comisión permanente.
2. O Pleno do Consello Reitor estará integrado polos seguintes membros:
  - a) Presidente: o secretario de Estado de Defensa.
  - b) Vicepresidente: o director xerente do Instituto.
  - c) Vogais:
    - 1.º O subsecretario de Defensa.
    - 2.º O director xeral de Infraestrutura do Ministerio de Defensa.
    - 3.º O director xeral de Asuntos Económicos do Ministerio de Defensa.
    - 4.º O director xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
    - 5.º O director xeral do Patrimonio do Estado do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

- 6.º O asesor xurídico xeral da Defensa.
  - 7.º O interventor xeral da Defensa.
  - 8.º O segundo xefe de Estado Maior do Exército de Terra.
  - 9.º O segundo xefe de Estado Maior da Armada.
  - 10.º O segundo xefe de Estado Maior do Exército do Aire.
- d) Secretario: o secretario xeral do Invied, con voz pero sen voto.
3. A Comisión Permanente estará integrada polos seguintes membros:
- a) Presidente: o director xerente do Instituto.
  - b) Vogais:
    - 1.º O subsecretario de Defensa.
    - 2.º O director xeral de Infraestrutura do Ministerio de Defensa.
    - 3.º O director xeral de Asuntos Económicos do Ministerio de Defensa.
    - 4.º O asesor xurídico xeral da Defensa.
    - 5.º O interventor xeral da Defensa.
  - c) Secretario: o secretario xeral do Instituto, con voz pero sen voto.

Artigo 13. *Competencias do Pleno e da Comisión Permanente do Consello Reitor.*

1. O Consello Reitor, como órgano de goberno, ten como funcións principais as de dirixir, orientar, fomentar e facilitar as actividades propias do Instituto.
2. Corresponde ao Pleno do Consello Reitor:
  - a) Exercer a alta dirección do organismo e establecer as directrices básicas para o seu goberno, dirección e administración.
  - b) Coñecer a execución e o desenvolvemento dos obxectivos, así como dos estados de gastos e ingresos do Instituto.
  - c) Aprobar o plan director que se contén na disposición adicional cuarta do Real decreto polo que se aproba este estatuto.
  - d) Aprobar as contas anuais mediante dilixencia do presidente do Pleno e as liñas xerais do escenario orzamentario plurianual e do anteproxecto de orzamento do organismo, o seu plan xeral anual de actuación e o plan de investimentos do Instituto.
  - e) Avaliar, dentro das súas previsións orzamentarias anuais, as posibilidades de financiamento a que fai referencia o artigo 4.3.a) e ser informado das operacións de crédito e as demais de endebedamento do Instituto, dentro dos límites da lei anual de orzamentos xerais do Estado, así como das adquisicións directas.
  - f) Propor ao ministro de Defensa a fixación do importe do canon arrendaticio ou, de ser o caso, das taxas polo uso das vivendas militares e prazas de aparcadoiro e a contía da compensación económica, de acordo co establecido no plan director.
  - g) Aprobar o alleamento de solo para cooperativas cuxo fin primordial sexa a construción de vivendas en propiedade para os membros das Forzas Armadas.
  - h) Aprobar o importe máximo da axuda para o acceso á propiedade da vivenda.
  - i) Autorizar os convenios que vaian ser subscritos polo Instituto nos casos previstos no artigo 71.dous.e) da Lei 50/1998, do 30 de decembro.
  - j) Coñecer dos convenios de venda e/ou permuta con outros órganos e organismos da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas e das corporacións locais e autorizar, nos casos establecidos expresamente neste estatuto, a transmisión gratuíta de bens e dereitos do organismo.
  - k) Coñecer todo proxecto de modificación da estrutura ou as funcións do organismo que neste estatuto se establecen.
  - l) Ditar as súas propias normas de funcionamento en todo aquilo que non estea previsto neste estatuto.
  - m) Coñecer as encomendas que se encarguen ao organismo.

n) Aprobar previamente a contratación relativa ás adquisicións de bens inmobles e á adquisición ou subministración de bens mobles, armamento, material e equipamento para uso das Forzas Armadas.

ñ) Propor ao ministro de Defensa a aprobación da relación das vivendas militares ocupadas que estea previsto allear, así como aprobar o alleamento das desocupadas.

o) Calquera outra función necesaria para a consecución dos fins do organismo, que lle poidan corresponder por precepto legal ou regulamentario.

3. Serán competencias indelegables do Pleno as sinaladas nas letras a), b), c), d), e), f), g), h) e i) do punto anterior.

4. Serán competencias da Comisión Permanente as seguintes:

a) Levar a cabo as misións que lle encomende ou delegue o Pleno do Consello Reitor.

b) Velar polo cumprimento dos seus acordos.

*Artigo 14. Funcionamento do Pleno e da Comisión Permanente do Consello Reitor e funcións do secretario.*

1. As reunións do Pleno do Consello Reitor terán lugar, ao menos, dúas veces ao ano e, con carácter extraordinario, cando así sexa convocado.

2. A Comisión Permanente reunirse, cando así o considere o seu presidente, para ser informada sobre o desenvolvemento das actuacións do Instituto e, con carácter extraordinario, cando así sexa convocada.

3. O funcionamento e o réxime de adopción dos acordos do Pleno do Consello Reitor e da Comisión Permanente rexeranse polo establecido neste estatuto e polas normas contidas no título II, capítulo II, da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

4. O secretario do Consello Reitor terá como funcións:

a) Redactar e autorizar as actas e expedir certificacións dos acordos adoptados.

b) Trasladar os acordos do Consello Reitor.

c) Realizar calquera outra tarefa que lle sexa encomendada e que sexa inherente á súa condición de secretario do Consello Reitor.

5. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade e cando concorra algunha causa xustificada, establécese o seguinte réxime de suplencias:

a) O presidente será suplido polo vicepresidente.

b) O vicepresidente será suplido por un subdirector xeral do organismo segundo a orde que se expresa no artigo 17.1 deste estatuto. O mesmo réxime se aplicará cando actúe como presidente da Comisión Permanente.

c) Os vogais serán suplidos preferentemente por un subdirector xeral da súa propia dirección xeral, coa excepción do subsecretario de Defensa, que será suplido polo director xeral de Persoal. Os segundos xefes do Estado Maior dos tres exércitos, o asesor xurídico xeral da Defensa e o interventor xeral da Defensa serán suplidos polo oficial xeral ou oficial que designe o membro ausente.

d) O secretario será suplido por un subdirector xeral, segundo a orde que se expresa no artigo 17.1 deste estatuto.

*Artigo 15. Facultades dos presidentes do Pleno e da Comisión Permanente do Consello Reitor.*

1. Serán facultades do presidente do Pleno do Consello Reitor:

a) Exercer a súa representación.

b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día.

- c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- d) Velar polo cumprimento deste estatuto e dos acordos adoptados polo Consello Reitor.
- e) Dirimir co seu voto os empates, para efectos de adoptar acordos.
- f) Visar as actas e certificacións dos acordos do Consello Reitor.
- g) Acordar co director xerente do Invid as liñas xerais do anteproxecto do orzamento para elevalo ao Consello Reitor, para os efectos do disposto no artigo 13.2.a) deste estatuto.

2. As facultades establecidas no punto anterior serán exercidas polo presidente da Comisión Permanente respecto desta. Así mesmo, informará o Pleno do Consello Reitor dos acordos adoptados.

#### Artigo 16. *Director xerente.*

1. O director xerente, con nivel orgánico de subdirector xeral, será nomeado e separado conforme o disposto no artigo 19.2 da Lei 6/1997, do 14 de abril, e asumirá a dirección e xestión do Instituto.

2. En particular, correspóndelle:

a) Exercer a representación do Instituto e a dirección do seu persoal e dos seus servizos e actividades, sen prexuízo das competencias que nesta materia correspondan, de acordo coa lexislación vixente, a outras administracións públicas e organismos.

b) De acordo coa Lei 47/2003, do 26 de novembro, aprobar e comprometer gastos, así como recoñecer obrigacións e ordenar pagamentos, logo de consignación orzamentaria para este fin, efectuar toda clase de cobramentos e ingresos do Instituto e actuar como órgano de contratación de acordo co artigo 316.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e coa Lei 24/2011, do 1 de agosto.

c) Elaborar e elevar ao Consello Reitor, para o seu coñecemento, o escenario orzamentario plurianual, o anteproxecto de orzamentos, o plan xeral anual de actuación, co programa de investimentos do Instituto, as operacións de crédito e as demais de endebedamento do Instituto, as propostas para a determinación do canon arrendaticio de uso ou, de ser o caso, das taxas correspondentes a todas as vivendas militares e prazas de aparcadoiro e da contía da compensación económica.

d) Formular, elevar para a súa aprobación polo Pleno do Consello Reitor e render as contas anuais nos termos establecidos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, autorizar as operacións de crédito e as demais de endebedamento do Instituto e iniciar os expedientes de modificación orzamentaria que se prevén no artigo 4.3.b) deste estatuto.

e) Aprobar as taxacións dos bens inmobles e acordar o alleamento dos bens mobles e inmobles, coa excepción do disposto no artigo 34.3 deste estatuto.

f) Subscribir os contratos de adquisición de bens inmobles e de adquisición ou subministración de bens mobles, armamento, material e equipamento para uso das Forzas Armadas, logo de aprobación polo Consello Reitor.

g) Desenvolver e executar o plan director anual aprobado polo Consello Reitor en materia de vivendas militares e medidas de apoio á mobilidade, así como convocar e conceder as axudas para o acceso á propiedade da vivenda e recoñecer o dereito a percibir compensación económica.

h) Presentar ao Consello Reitor as propostas para a determinación do canon arrendaticio de uso ou, de ser o caso, das taxas correspondentes a todas as vivendas militares e prazas de aparcadoiro e da contía da compensación económica prevista na Lei 26/1999, do 9 de xullo.

i) Acordar a revisión de oficio, respecto dos actos ditados polos órganos dependentes del, resolver os expedientes de responsabilidade patrimonial do Instituto e as reclamacións previas en asuntos civís e laborais.

j) Subscribir convenios de colaboración no ámbito da súa competencia e executar as encomendas que se encarguen ao organismo, de acordo co previsto no artigo 53 deste estatuto, así como subscribir os acordos que permitan que os exércitos e o Ministerio de Defensa poidan utilizar os inmobles propios do Invied en caso de ser necesario por un tempo determinado.

k) Determinar e, de ser o caso, adjudicar as vivendas militares que se ofertarán nas diferentes localidades en réxime de arrendamento especial, así como os locais comerciais, e fixar o importe dos seus alugamentos, na forma prevista regulamentariamente.

l) Incoar e resolver os procedementos de recuperación posesoria e de desafiuzamento respecto dos contratos subscritos polos usuarios de vivenda militar, polas causas previstas neste estatuto, determinar os destinos sinalados no artigo 31.1.b) e autorizar o realoxamento e declarar o dereito a indemnización que se establecen no artigo 23.3, ambos deste estatuto.

m) Propor ás corporacións locais e ás comunidades autónomas as modificacións dos instrumentos de planificación territorial e urbanística, para unha mellor administración dos bens inmobles afectos ao Ministerio de Defensa e coordinación cos plans de infraestrutura das Forzas Armadas.

n) Autorizar a permuta de bens inmobles, salvo nos casos previstos no artigo 48.2, así como a explotación dos bens e dereitos patrimoniais recollidos no artigo 51, ambos deste estatuto.

ñ) En xeral, exercer todas aquelas funcións ou competencias que lle atribúa unha norma legal ou regulamentaria, así como coñecer, resolver e executar cantos asuntos non estean atribuídos expresamente ao Consello Reitor e afecten o bo goberno e administración do Instituto.

3. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, o director xerente será suplido polos subdirectores xerais del dependentes, seguindo a orde en que se citan no artigo 17.1 deste estatuto.

#### Artigo 17. *Estrutura orgánica do Instituto.*

1. O Instituto, para o seu funcionamento e administración, contará coas seguintes unidades, con nivel orgánico de subdirección xeral, dependentes do director xerente:

- a) Secretaría Xeral.
- b) Subdirección Xeral Económico-Financeira.
- c) Subdirección Xeral de Xestión.
- d) Subdirección Xeral Técnica e de Alleamento.
- e) Subdirección Xeral de Obras.

2. Corresponde á Secretaría Xeral:

a) Xestionar o réxime interior, a seguridade, o rexistro, o arquivo e os servizos xerais, así como a planificación xeral do organismo.

b) A administración do persoal, a tramitación e xestión dos seus asuntos, a elaboración e proposta da nómina, as relacións con outras unidades e órganos de representación competentes na materia, así como a xestión e promoción dos programas de formación do Instituto.

c) Manter as oportunas relacións coas subdelegacións de Defensa, co fin de coordinar o funcionamento xeral das áreas de patrimonio.

d) Dirixir os servizos de información administrativa e atención ao cidadán do organismo de acordo coa normativa vixente.

e) Xestionar as tecnoloxías de información e da comunicación, no ámbito do Invied.

f) As relacións con outros órganos doutras administracións públicas, en materia da súa competencia.

g) Levar o inventario do mobiliario e demais efectos de uso polas distintas unidades do Instituto.



3. Corresponde á Subdirección Xeral Económico-Financeira:
  - a) Xestionar os ingresos e gastos, realizar cobramentos e pagamentos e xestionar a tesouraría e, en xeral, todos os asuntos económicos que afectan o organismo.
  - b) Preparar e elaborar o escenario orzamentario plurianual, o anteproxecto de orzamentos e realizar a xestión contable.
  - c) Tramitar e xestionar os expedientes de contratación.
  - d) Tramitar os expedientes de adquisición de armamento, material e equipamento para o seu uso polas Forzas Armadas.
  - e) Elaborar as contas anuais.
  - f) Coordinar o plan de financiamento anual.
  
4. Corresponde á Subdirección Xeral de Xestión:
  - a) Desenvolver as actividades relativas á utilización e explotación económica e comercial dos bens afectos ao dominio público cuxas características, situación e réxime de utilización fagan posible este tipo de utilización adicional, nos termos que lle encomende o Ministerio de Defensa.
  - b) Administrar, aproveitar e explotar os bens e dereitos patrimoniais segundo o disposto no título IV, capítulo II.
  - c) Estudar e elaborar os convenios en materia da súa competencia.
  - d) Xestionar todos os asuntos relacionados coas vivendas militares en réxime de arrendamento especial e os locais comerciais arrendados.
  - e) Tramitar os expedientes de subrogación dos contratos sobre vivendas militares, os que afecten os realoxamentos por razóns humanitarias e os de redución de canons.
  - f) Xestionar o réxime de ocupación dos pavillóns de cargo.
  - g) Xestionar todos os asuntos relacionados coas comunidades de propietarios de que o Instituto forme parte.
  - h) Tramitar os asuntos relacionados coa asignación aos beneficiarios da compensación económica, así como realizar as actividades de xestión necesarias para outorgar axudas e subvencións para o acceso á propiedade de vivenda.
  - i) Xestionar todas as actuacións relacionadas coas subministracións enerxéticas dos inmobles incluídas no artigo 3 do presente estatuto.
  - j) Tramitar e xestionar todo o relativo á facturación e recibos impagados, correspondentes aos canons de uso das vivendas militares, garaxes e locais comerciais, así como os recibos por servizos repercutibles.
  - k) Supervisar e controlar os asuntos relacionados coa asignación e xestión das prazas de aparcadoiro.
  - l) Tramitar os expedientes de desafuizamento e recuperación posesoria relativos a vivendas militares e demais inmobles incluídos no artigo 3 do presente estatuto.
  
5. Corresponde á Subdirección Xeral Técnica e de Alleamento:
  - a) Formar e manter actualizado o inventario dos bens inmobles e dereitos constituídos sobre eles.
  - b) O estudo e a elaboración dos convenios en materia da súa competencia.
  - c) A realización das actividades necesarias para a identificación e depuración física dos bens inmobles incluíndo, en caso necesario, o deslindamento, o levantamento de planos, división horizontal e cancelación de cargas rexistras, de ser o caso, que faga posible a súa inscrición rexistral, e a súa conseguinte depuración xurídica.
  - d) O estudo e análise urbanísticos así como as actuacións referentes á redacción, instrución e modificación das figuras de planeamento urbanístico que poidan concernir aos bens inmobles así como, de ser o caso, aos bens afectados ao Ministerio de Defensa por solicitude da Dirección Xeral de Infraestrutura.
  - e) A realización dos informes técnicos dos instrumentos de planificación territorial e urbanística, en desenvolvemento da lexislación aplicable en materia do solo, así como os que lle sexan requiridos en materia de propiedades do Ministerio de Defensa.

f) A elaboración das follas de valoración para a fixación do prezo xusto nos expedientes de expropiación ou reversión e, neste último caso, proposta de nomeamento do técnico que deba asistir como vogal os xurados provinciais de expropiación.

g) A taxación dos bens inmobles incluídos no artigo 3 do presente estatuto, salvo nos casos previstos na disposición adicional segunda da Lei 26/1999, do 9 de xullo.

h) A taxación e o asesoramento en materia de valoracións, incluíndo a posibilidade de acudir para iso a medios externos, dos bens afectados ao Ministerio de Defensa logo de solicitude da Dirección Xeral de Infraestrutura.

i) A elaboración dos pregos de prescricións técnicas e orzamentos relacionados coas funcións urbanísticas para a súa aprobación polo director xerente.

j) Preparar, tramitar e executar os expedientes de alleamento de vivendas militares e demais inmobles ou dereitos constituídos sobre estes.

k) Tramitar os expedientes de alleamento, tanto no ámbito interno como no estranxeiro, dos bens mobles pertencentes ao patrimonio de Defensa que se poñan á súa disposición para o cumprimento dos seus fins.

l) Levar a cabo as actuacións necesarias para promocionar a venda dos inmobles.

m) Tramitar os expedientes de adquisición de bens inmobles.

6. Corresponde á Subdirección Xeral de Obras.

6.1 En relación cos inmobles incluídos nos artigos 3 e 18.2 deste estatuto:

a) Redactar os proxectos e elaborar os pregos de prescricións técnicas relacionados coa urbanización ou a edificación de inmobles.

b) Inspeccionar o estado de conservación dos inmobles e elaborar os informes técnicos encamiñados a determinar e avaliar as necesidades de execución de obras e redactar os plans anuais de obras.

c) Levar a cabo a dirección de obras cando proceda, así como xestionar a súa execución.

6.2 Así mesmo, corresponderalle a execución da competencia establecida no artigo 8.p) deste estatuto, incluída, de ser o caso, a redacción de proxectos e elaboración dos pregos, así como a realización de cantas actividades sexan necesarias para a execución de calquera obra no marco das competencias que se establecen no artigo 8, letras q), r) e s) deste estatuto.

7. O director xerente do Instituto contará cunha unidade de apoio, co nivel orgánico que se estableza na relación de postos de traballo.

8. Con dependencia orgánica do director xerente do Instituto e dependencia funcional de cada subdirección xeral nas materias das súas respectivas competencias, existirá unha área de xestión patrimonial cuxa función sexa dirixir e prestar todos os servizos na área territorial de Madrid, a salvo das oficinas delegadas que se determinen na normativa que regula a estrutura periférica do Ministerio de Defensa, e cuxo responsable terá o nivel que se determine na correspondente relación de postos de traballo.

9. O Invid contará cunha Asesoría Xurídica e unha Intervención Delegada, co nivel orgánico que se estableza para cada unha na correspondente relación de postos de traballo:

a) A Asesoría Xurídica dependerá directamente do director xerente, sen prexuízo da dependencia funcional da Asesoría Xurídica Xeral do departamento.

b) A Intervención Delegada exercerá o control interno da xestión económico-financeira mediante o exercicio da función interventora, o control financeiro permanente e a auditoría pública nos termos previstos pola Lei 47/2003, do 26 de novembro, e o exercicio da notaría militar, na forma e condicións establecidas nas leis e o asesoramento en materia da súa competencia. Dependerá funcionalmente da Intervención Xeral da Administración do Estado, a través da Intervención Xeral da Defensa.

## TÍTULO II

### Vivendas militares e pavillóns de cargo

#### CAPÍTULO I

##### Vivendas militares

###### Artigo 18. *Cualificación das vivendas.*

1. As vivendas cuxa titularidade ou administración correspondía ao extinto Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas e aos cuarteis xerais dos exércitos, así como as que sexan cualificadas como tales en aplicación deste estatuto, con excepción daquelas a que fai referencia o punto seguinte deste artigo, terán a cualificación única de vivendas militares e serán destinadas aos fins sinalados nos artigos seguintes.

Así mesmo, o ministro de Defensa poderá cualificar como vivendas militares, cando se declaren innecesarias e queden desafectadas para os fins e destinos que teñen asignados, calquera outra vivenda administrada por unidades, centros e organismos do departamento.

2. As vivendas destinadas a domicilio oficial ou de representación social do militar, por razón do cargo que desempeñe ou do destino asignado, terán a denominación única de pavillóns de cargo.

###### Artigo 19. *Vivendas militares.*

1. Todas as vivendas cualificadas como vivendas militares se integran no patrimonio propio do Invied, con excepción daquelas que constitúan elemento inseparable de bases, acuartelamentos, edificios ou establecementos militares, cuxa relación corresponde determinar ao ministro de Defensa mediante as correspondentes ordes ministeriais comunicadas.

2. Facilitaranse en arrendamento especial as vivendas militares non alleables, localizadas dentro de bases, acuartelamentos, edificios ou establecementos militares, as que pola súa situación supoñan un risco para a súa seguridade e aquelas que se encontren en zonas específicas en que resulte necesario dispor de vivendas para o persoal destinado nelas, en especial nas cidades de Ceuta e Melilla onde, non obstante, poderán declararse alleables as que non sexan útiles para atender as necesidades de vivenda das Forzas Armadas.

O ministro de Defensa, mediante as correspondentes ordes ministeriais comunicadas, determinará a relación das vivendas militares non alleables. Só estas vivendas serán obxecto de cesión de uso, mediante contrato administrativo especial que se formalizará no correspondente documento administrativo.

A citada relación poderá ser modificada cando varíen as circunstancias que serviron para a súa elaboración. Nas disposicións que se diten para o efecto sinalarase o uso ou destino posterior que terán as vivendas militares afectadas.

3. As vivendas militares, con excepción das non alleables sinaladas no punto anterior, poderán allearse nas condicións e de acordo co procedemento que se regula neste estatuto.

###### Artigo 20. *Dereito de uso de vivenda militar.*

1. O que con anterioridade á entrada en vigor da Lei 26/1999, do 9 de xullo, adquirise o dereito de uso dunha vivenda militar, como titular de contrato, poderá mantelo con carácter vitalicio, sen prexuízo das causas de resolución que se establecen no artigo 10 da referida norma legal.

Non obstante, respecto das vivendas que se incorporen ao patrimonio do Invied con posterioridade á entrada en vigor do presente estatuto, terán a consideración de titulares do dereito de uso, para todos os efectos, aqueles que as ocupen en virtude de título contractual ou calquera acto expreso ou tácito do organismo ou institución que tivese a

propiedade ou administración daquelas en cada momento. Para tal efecto, deberase xuntar á acta de entrega e recepción unha relación de ocupantes autorizados que teñan tal consideración a criterio do organismo correspondente, en que expresamente se fará constar tal condición, e que deberá ser aprobada, ao igual que a acta, polo xefe da unidade, centro ou organismo que realiza a entrega.

Na citada relación especificarase se o ocupante actual coincide coa persoa á cal orixinariamente lle foi entregada a vivenda, para os efectos da aplicación, de ser o caso, das regras contidas no punto seguinte, no que se refire á posibilidade ou non de transmisión do dereito.

2. En caso de falecemento do titular a que se refire o punto 1 anterior, poderán ser beneficiarios do dereito de uso, tamén con carácter vitalicio e sen posibilidade de transmitir esta condición a terceiros, o cónxuxe que convivise con el no momento do falecemento e as persoas que se relacionan a continuación, se convivisen co transmitente do dereito os dous anos inmediatamente anteriores:

- a) Persoa en análoga relación de afectividade que o cónxuxe.
- b) Fillos do titular cunha discapacidade igual ou superior ao 65 por cento.
- c) Demais fillos do titular, salvo que o falecemento deste se producise con posterioridade ao día 11 de xullo de 1999, data de entrada en vigor da Lei 26/1999, do 9 de xullo, caso en que poderán manter o dereito de uso dous anos ou até a data en que alcancen a idade de vinte e cinco anos, se esta for posterior.
- d) Ascendentes do titular en primeiro grao.

De existiren dúas ou máis persoas das relacionadas neste punto, a condición de beneficiario só poderá recaer nunha persoa física, que quedará determinada pola orde en que se citan anteriormente. Nos casos de igualdade entre os fillos, resolverase a favor do de menor idade.

3. Nos casos de vivendas nas cales, por sentenza ou decreto firme, ou ben mediante o outorgamento de escritura pública ante notario, se declarase nulidade, separación ou divorcio, e se encontren, en consecuencia, ocupadas por persoa distinta do titular do contrato, o dereito de uso do adxudicatario terá o alcance que se sinale na correspondente sentenza, decreto ou escritura pública. Só no caso de que non se sinale un alcance concreto expresamente se considerará que o dereito de uso sobre a vivenda finaliza cando cese o dereito do titular do contrato por calquera das causas incluídas no artigo 31 deste estatuto.

4. A adquisición e o mantemento do dereito de uso dunha vivenda militar está condicionado, en todo caso, a que esta constituía a residencia habitual, real e efectiva do titular ou, na súa falta, do beneficiario que se determine.

5. O preceptuado nos puntos anteriores entenderase, en todo caso, sen prexuízo do que se establece no artigo 23, sobre resolución de contratos de vivendas militares, e no artigo 31, sobre perda do dereito de uso das vivendas militares non alleables, ambos deste estatuto.

6. A acreditación dos requisitos exixidos para ser beneficiario do dereito de uso dunha vivenda militar corresponderá aos interesados polos medios de proba legalmente admitidos.

#### Artigo 21. *Canon arrendaticio de uso.*

1. A contraprestación polo uso das vivendas militares e prazas de aparcadoiro consistirá no aboamento dos correspondentes canons mensuais.

O usuario dunha vivenda militar estará obrigado a satisfacer o canon mensual que teña fixado, así como a aboar as cantidades polos servizos repercutibles, facendo efectivo o seu importe, no período que corresponda, mediante domiciliación bancaria.

2. Os citados canons, así como as cantidades que se deben aboar por servizos repercutibles, teñen a natureza de prezos públicos.

3. Mediante orde do Ministerio de Defensa fixarase a contía dos canons de uso das vivendas militares e prazas de aparcadoiro que adxudique o Invied.

Para a fixación dos citados canons, no caso das vivendas militares teranse en conta os prezos do mercado de alugamento de vivendas nas diferentes localidades, a situación, a superficie e o estado dotacional da vivenda e, no das prazas de aparcadoiro, os grupos de localidades e a consideración de praza pechada ou aberta.

A contía resultante non superará o 50 por cento do prezo medio do mercado de alugamento de vivendas na correspondente localidade.

4. Nos casos en que a vivenda sexa obxecto dunha rehabilitación total ou parcial, modificarase o parámetro do estado dotacional correspondente. O novo parámetro que se asigne será determinado por resolución do director xerente do organismo.

#### Artigo 22. *Conservación, reparacións e gastos repercutibles.*

1. Serán por conta do Invied os gastos derivados das vivendas militares polos seguintes conceptos:

- a) A conservación e o mantemento xeral de ascensores, patios, xardíns, portais, escaleiras e demais zonas e elementos de uso común dos edificios.
- b) As reparacións que resulten necesarias nas vivendas e edificios por avarías nas conducións de auga, electricidade, gas, calefacción, ventilación, saída de fumes, etc.
- c) As reparacións daqueles elementos construtivos que afecten a estabilidade e estanquidade do inmovible.
- d) As subministracións ordinarias de auga e fluído eléctrico para servizos comúns.

2. Serán por conta dos usuarios das vivendas militares os gastos non recollidos no punto anterior e, en particular, os derivados dos seguintes conceptos:

- a) As subministracións, servizos e consumos individualizados ou susceptibles de medición por contador e os tributos que os graven. Nos inmoibles en que non exista contador individualizado, a imputación farase mediante rateo, en función da superficie da vivenda ou zona de que se trate.
- b) Os servizos de limpeza de zonas comúns interiores.
- c) Os estragos, deterioracións e avarías producidas nas vivendas e zonas comúns do inmovible por mal uso, descoido ou negligencia dos usuarios e, en todo caso, os que se constaten fóra da deterioración normal ao abandonar a vivenda unha vez efectuada a correspondente comprobación.
- d) As pequenas reparacións que exixa o desgaste polo uso ordinario das vivendas.
- e) No caso de uso de prazas de aparcadoiro en edificios con comunidade de propietarios constituídas, as contías acordadas por estas.

No caso de inmoibles integrados nunha comunidade de propietarios, observaranse os acordos que se adopten nas correspondentes xuntas e o Instituto asumirá os gastos que lle correspondan segundo a súa cota de participación como propietario. Posteriormente repercutirá os gastos comprendidos nas letras a), b) e e) do punto 2 aos usuarios.

O procedemento para a imputación dos gastos repercutibles en xeral será obxecto de regulación mediante instrucións do director xerente do organismo, en que se poderá establecer unha cantidade fixa para o seu cobramento.

3. No caso de que habiten na vivenda persoas con discapacidade, seralle de aplicación o disposto no artigo 24 da Lei 29/1994, do 24 de novembro, de arrendamentos urbanos.

#### Artigo 23. *Resolución de contratos.*

1. Son causas de resolución de pleno dereito dos contratos relativos a calquera vivenda militar as seguintes:

a) A falta de pagamento do canon arrendaticio de uso ou das cantidades cuxo aboamento asumise ou sexan repercutibles ao usuario, correspondentes a tres mensualidades.

b) O subarrendamento ou a cesión do uso da vivenda.

c) A realización de danos causados dolosamente no predio ou de obras non autorizadas polo Invied que modifiquen a configuración da vivenda e dos seus accesorios ou provoquen a diminución da súa estabilidade ou seguridade.

d) Cando na vivenda teñan lugar actividades molestas, insalubres, nocivas, perigosas ou ilícitas.

e) Cando a vivenda deixe de estar destinada a satisfacer a necesidade de vivenda habitual do beneficiario ou se utilice para actividades alleas ao dito fin.

f) Cando o titular dispoña doutra vivenda adquirida polos procedementos de adxudicación directa ou concurso a que se fai referencia nos artigos 42 e 43.

g) O falecemento do titular se non existen beneficiarios definidos no artigo 20

h) A extinción das causas polas cales se outorgou o dereito de uso da vivenda, previstas no artigo 20.

2. Así mesmo, poderá resolverse o contrato de calquera vivenda militar, aínda que fose desafectada, polas seguintes causas:

a) Cando, por razóns de interese público, se modifique o destino do inmovible.

b) Cando, a resultas da división horizontal do predio, teña que modificarse o destino da vivenda.

c) Cando, consonte o planeamento urbanístico en vigor, a parcela en que se localice a vivenda non esgotase a súa edificabilidade.

d) Cando fose declarada a ruína técnica, económica ou urbanística da vivenda ou do inmovible en que se localiza, conforme o establecido na lexislación vixente na materia.

e) Coa aceptación previa e expresa do titular do contrato ou, de ser o caso, do beneficiario do dereito de uso, cando a conservación da vivenda, debido ao seu estado ou características particulares, sexa manifestamente antieconómica.

f) Cando a vivenda se encuentre no interior dunha base, acuartelamento, edificio ou establecemento militar e o titular do contrato ou, de ser o caso, o beneficiario do dereito de uso non estea destinado en unidades, centros ou organismos situados neles.

Nos supostos regulados nas letras a), b), c), d) e f), antes de proceder á resolución dos contratos, publicarase no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa» a relación destas vivendas militares, sen prexuízo da posterior notificación individual aos usuarios afectados, para que no prazo de 15 días, desde a data de notificación, os interesados poidan formular as alegacións que, de ser o caso, coiden oportunas.

3. Nos supostos referidos no punto 2, unha vez acordada a resolución do contrato, o titular do dereito de uso poderá optar entre:

a) Ser realoxado noutra vivenda militar de similares características, se hai dispoñibles.

b) Recibir unha indemnización, que se fixará no importe de 36 mensualidades do canon máximo vixente para as vivendas militares no momento de se producir a dita resolución ou, se for maior, nunha cantidade igual ao 70 por cento do valor real de mercado da vivenda cando o usuario teña menos de 20 anos, minorando, a medida que aumenta a idade, na proporción dun un por cento menos por cada ano máis, co límite mínimo do 10 por cento.

No suposto previsto no punto 2.f), se o afectado é militar de carreira cunha relación de servizos de carácter permanente, o realoxamento a que se refire a letra a) poderá realizarse noutra vivenda situada no interior dunha base, acuartelamento, edificio ou establecemento militar, só no caso de que aquel estea destinado en unidades, centros ou organismos localizados neles. A vivenda así adxudicada rexerá polo réxime establecido neste estatuto para as vivendas militares non alleables.



Quen opte por recibir a indemnización a que se refire a letra b) non poderá adquirir unha vivenda militar polo procedemento de concurso.

4. Corresponde ao ministro de Defensa, por proposta do secretario de Estado de Defensa, a competencia para modificar por razóns de interese público o destino dos inmobles cualificados como vivendas militares ou de calquera outro inmovible destinado a vivenda.

A desafectación dun determinado inmovible considerárase, para estes efectos, como razón de interese público que modifica o destino das vivendas militares que se encontren situadas naquel. De igual modo, entenderase que concorre o interese público cando calquera outro inmovible destinado a vivenda sexa declarado de interese para a defensa.

Corresponde ao director xerente do Invied autorizar o realoxamento a que fai referencia o punto 3.a) e declarar o dereito á indemnización que se prevé no punto 3.b), cuxo importe se fará efectivo unha vez que fose desaloxada a vivenda.

5. Producida calquera das causas de resolución do contrato que se establecen nos puntos 1 e 2, se o usuario non desaloxa voluntariamente a vivenda no prazo dun mes, desde o requirimento que lle dirixa para o efecto o Invied, incoarase o correspondente expediente administrativo de desafuzamento, que se axustará ao procedemento sinalado na lexislación sobre vivendas de protección oficial, cuxa resolución deberá notificarse aos interesados no prazo máximo de seis meses.

#### Artigo 24. *Regras especiais da residencia en determinadas causas de resolución.*

1. Para os únicos e exclusivos efectos do disposto no artigo 23.1.e) e h), entenderase que os titulares de contrato que se encontren na situación de servizo activo ou de reserva con destino manterán a residencia habitual na vivenda militar, mesmo no caso de que pasen a ocupar destino, voluntario ou forzoso, noutra localidade distinta daquela en que se encontra o inmovible, sempre que o desempeño daquel destino non sexa superior ao tempo de mínima permanencia para o novo destino, máis seis meses, e concorran ou persistan, ademais, os requisitos que se establecen nos puntos seguintes deste artigo.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación a aqueles destinos que impliquen a adxudicación de pavillón de cargo. Tampouco será de aplicación no caso de destinos no estranxeiro cando o tempo de mínima permanencia do destino sexa superior a 24 meses.

Así mesmo, ao final do período definido neste punto, será requisito ineludible que o titular do contrato volva ter inmediatamente un destino na mesma localidade ou área xeográfica onde se encontra a vivenda militar.

2. De igual forma, entenderase que mantén a residencia habitual quen se encontre realizando calquera curso do sistema de ensino nas Forzas Armadas, xa sexa de formación, de perfeccionamento ou de altos estudos da defensa nacional e reúna os requisitos sinalados neste artigo que lle sexan de aplicación.

3. Serán, ademais, requisitos necesarios e concurrentes para entender que se mantén a residencia habitual, para os efectos do disposto nos artigos 20 e 31, os seguintes:

a) Que o cónxuxe non separado legalmente ou de feito, a persoa en análoga relación de afectividade que o cónxuxe, os ascendentes do titular en primeiro grao e, de ser o caso, os fillos do titular menores de idade, de ser o caso, ou que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 65 por cento, teñan fixada a residencia na vivenda militar.

b) Que os residentes na vivenda militar a ocupen real e efectivamente e así o acrediten.

4. A residencia habitual xustificárase mediante o correspondente certificado de empadramento expedido polo rexistro competente da localidade onde se encontre a vivenda militar.

5. A ocupación real e efectiva da vivenda militar poderase acreditar mediante o documento nacional de identidade ou, no caso de estranxeiros, o número de identidade de estranxeiro, e a presentación de proba documental xustificativa da asignación, na

localidade ou área xeográfica do lugar onde estea o inmovible, dos servizos sanitarios, educativos, sociais ou calquera outro que xustifique o seu uso e desfrute ordinario.

Artigo 25. *Protección específica en determinados supostos.*

En calquera caso, e concretamente nos supostos de paso a retiro como consecuencia de insuficiencia de condicións psicofísicas producidas en acto de servizo ou terrorismo que impliquen inutilidade permanente, absoluta ou grande invalidez, ou en situacións graves especiais de necesidade persoal, social ou económica, en que se incorra en causa de perda do dereito de uso da vivenda militar por aplicación dos artigos 23 e 31 deste estatuto, poderán manter o uso da vivenda o titular ou os beneficiarios a que se refire o artigo 20, mentres subsistan as ditas situacións e sempre que se manteña a ocupación real e efectiva da vivenda.

Con carácter xeral, entenderase que existen situacións graves especiais cando, ao menos, o nivel de recursos individual sexa inferior ao 20 por cento do haber regulador fixado para o persoal do grupo de clasificación «C1» nas respectivas leis de orzamentos para cada exercicio económico, mediante o cálculo previsto no punto terceiro da Orde ministerial 154/2000, do 9 de xullo, pola que se arbitran diversas medidas tendentes a facilitar o dereito de uso a determinados usuarios de vivenda militar.

Ademais de nos casos previstos, poderá solicitarse a aplicación do previsto neste artigo, entre outros, en caso de discapacidade de grao igual ou superior ao 65 por cento, ou de enfermidade grave, ambas debidamente acreditadas.

## CAPÍTULO II

### Réxime das vivendas militares non alleables

Artigo 26. *Cesión de uso.*

1. As vivendas militares que se declaren expresamente non alleables, segundo o establecido no artigo 19.2 deste estatuto, poderán ser obxecto de cesión de uso en réxime de arrendamento especial.

2. A adxudicación, uso e desaloxo destas vivendas rexeráse polo determinado neste capítulo, sen prexuízo do regulado con carácter xeral para as vivendas militares no capítulo anterior.

Artigo 27. *Beneficiarios.*

1. O Invid poderá adxudicar vivenda militar en réxime de arrendamento especial ao militar de carreira das Forzas Armadas que se encontre na situación de servizo activo ou na de reserva, ocupando destino, cando cambie de destino que supoña cambio de localidade ou área xeográfica e de residencia habitual respecto da que tiña no momento inmediatamente anterior ao do novo destino.

Por razóns de economía de medios e mellor aproveitamento dos recursos dispoñibles, os militares referidos no parágrafo anterior que se encontren en primeiro destino ou posteriores destinos sen cambio de localidade ou área xeográfica poderán acceder a vivenda militar en réxime de arrendamento especial de non existiren peticionarios que cumpran todos os requisitos sinalados.

Así mesmo, polas mesmas razóns expostas, e para a conservación do patrimonio inmobiliario dispoñible, naquelas localidades fixadas polo ministro de Defensa en que existan vivendas militares non alleables que se encontren desocupadas poderán ofrecerse, en réxime de arrendamento especial, ao militar de complemento e ao militar profesional de tropa e mariñeiría cunha relación de servizos de carácter temporal que teña subscrito un compromiso de longa duración, nas condicións establecidas neste estatuto.

2. O militar a que se lle adxudique unha vivenda militar e quede na situación de servizo activo pendente de asignación de destino, por ter cesado no que tiña, poderá

continuar ocupándoa até que se lle asigne un novo, momento en que se aplicará o disposto neste capítulo.

3. Poderá continuar ocupando a vivenda militar que teña adxudicada o militar que, ao pasar á situación de reserva ocupe, no prazo máximo de tres meses, un destino polo cal tería dereito a ocupala se estivese en activo, e manterá o dereito mentres permaneza na dita situación.

4. Poderán continuar ocupando a vivenda que teña adxudicada o militar que pase á situación de excedencia voluntaria polo artigo 110.5 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, durante o tempo de permanencia nesta situación, e o militar que pase á situación de servizos especiais, prevista no artigo 109.1.d) da citada lei, por ter sido designado como candidato a eleccións para órganos representativos públicos en exercicio do dereito de sufraxio pasivo ou ter resultado elixido nelas, durante un período máximo de seis meses.

Así mesmo, poderán continuar ocupando a vivenda as mulleres militares profesionais vítimas de violencia de xénero que pasen á situación de excedencia voluntaria, para facer efectiva a súa protección ou o seu dereito á asistencia integral polo artigo 110.6 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, durante os prazos sinalados nel.

Igual consideración terán as mulleres ás cales os xuíces asignen o uso da vivenda militar como consecuencia de violencia de xénero, con independencia da situación conxugal que manteñan respecto do titular de contrato de vivenda militar.

5. O militar ao cal se lle adxudique unha vivenda militar e pase á situación de suspensión de funcións, ou á de suspensión de emprego por imposición de sanción disciplinaria extraordinaria, poderá continuar ocupando a vivenda na nova situación por un período máximo de seis meses a partir da data da firmeza da resolución.

6. O militar ao cal se lle adxudique unha vivenda militar e perda o dereito ao seu uso por ter pasado á situación de suspensión de emprego, se a sanción disciplinaria extraordinaria de suspensión de emprego executada for posteriormente revogada con carácter definitivo, en vía administrativa ou xurisdiccional, será repostado no seu dereito cando cese na dita situación.

En consecuencia, se desaloxase a vivenda, ademais de aboárselle a compensación económica correspondente ao tempo transcorrido desde o desaloxo, adxudicáraselle de novo no caso de encontrarse aínda baleira, ou outra na mesma localidade ou área xeográfica ou, na súa falta, percibirá a compensación económica nas condicións e límites que se establecen neste estatuto. No suposto de que non desaloxase a vivenda, arquivarase o expediente de desafuzamento que, de ser o caso, se incoase.

De igual forma se actuará no caso de sobresemento do procedemento, sentenza absolutoria ou terminación do expediente gubernativo sen declaración de responsabilidade que motivou o paso á situación de suspensión de funcións.

7. Ao militar procedente das situacións de reserva, excedencia voluntaria e, sen prexuízo do establecido no punto anterior, das de suspensión de emprego ou suspensión de funcións que se lle asigne un destino, poderáselle adxudicar unha vivenda militar unicamente se a localidade ou área xeográfica deste é distinta da do último destino que tivese en situación de servizo activo ou de reserva.

Igual tratamento terá o militar ao cal se lle asigne destino procedente da situación de servizos especiais, salvo que se encontrase na dita situación por ter sido autorizado polo ministro de Defensa para participar no desenvolvemento de programas específicos de interese para a defensa en organismos, entidades ou empresas alleos ao Ministerio de Defensa; en tal caso, poderáselle adxudicar unha vivenda militar se a localidade ou área xeográfica en que se encontraba en situación de servizos especiais é distinta da do destino asignado.

#### Artigo 28. *Solicitud.*

1. Para a adxudicación dunha vivenda militar en réxime de arrendamento especial, será condición previa e indispensable a solicitude dos interesados.

En cada localidade ou área xeográfica en que existan vivendas militares non alleables que lles poidan ser adxudicadas, os interesados poderán cursar a súa solicitude, unha vez asignado destino á citada localidade ou área xeográfica, e que este sexa efectivo, con independencia de que solicitasen ou estean a percibir compensación económica.

2. A solicitude formalizárase en modelo oficial, xuntando a xustificación documental que se determine, e dirixírase ao director xerente do Invied, o cal poderá solicitar dos órganos de xestión de persoal que corresponda a acreditación das condicións profesionais alegadas polos solicitantes. Aquelas que teñan entrada en calquera rexistro do citado Instituto ou nos das delegacións, subdelegacións ou oficinas delegadas de Defensa antes do día 15 de cada mes producirán efectos ao mes seguinte.

As modificacións de circunstancias que afecten a puntuación do baremo de persoal xa incluído en lista, así como a solicitude de baixa nelas, terán efecto o día primeiro do mes seguinte ao da súa comunicación ou publicación.

3. As solicitudes ordenaranse en dúas listas. Unha, en que se incluírán os solicitantes que reúnan todos os requisitos, e outra, en que figurará o persoal a que fai referencia o parágrafo segundo do artigo 27.1.

Dentro de cada lista, a ordenación levarase a cabo de acordo co baremo que determine o ministro de Defensa.

As relacións resultantes publicaranse o décimo día de cada mes, ou o seguinte hábil, nas correspondentes subdelegacións e oficinas delegadas de Defensa e nas oficinas do Instituto, onde os interesados tomarán coñecemento da súa inclusión ou exclusión e puntuación asignada, co obxecto de que, no prazo de dez días naturais a partir da dita publicación, poidan formular reclamacións, que se resolverán antes de se producir o acto de elección de vivenda a que se refire o artigo 29.4.

4. Os solicitantes estarán obrigados a notificar ao Invied calquera modificación das súas circunstancias familiares.

#### Artigo 29. *Oferta.*

1. Corresponde ao director xerente do Invied determinar as vivendas militares que, de ser o caso, se ofertarán nas diferentes localidades en réxime de arrendamento especial, de acordo coas dispoñibilidades existentes.

2. Para que as vivendas militares poidan ser ofertadas aos solicitantes, será condición necesaria que se encontren desocupadas. As vivendas ofertaranse e manteranse en condicións de habitabilidade e serán por conta do Invied as reparacións e reposicións que resulten necesarias nos elementos construtivos internos, externos ou comúns, que serán repercutidas aos usuarios cando sexan por causa do mal uso ou negligencia destes.

As condicións de habitabilidade, a atribución de gastos e a determinación da superficie útil e do número de dormitorios mínimo en relación co número de membros da unidade familiar serán establecidas polo secretario de Estado de Defensa, de conformidade co plan director que se contén na disposición adicional cuarta do real decreto polo cal se aproba este estatuto.

3. Xunto coa relación de solicitantes referida no artigo 28.3 exporase, de ser o caso, a relación das vivendas militares que serán obxecto de ofrecemento e a orde de convocatoria para o acto de elección, indicando para cada unha delas a súa identificación, superficie útil, pezas de que consta, anexos de que poida dispor, importe do canon, grupos de clasificación do persoal militar que poderán optar a ela e o número de membros da unidade familiar mínimo exixible para poder ser adxudicada.

4. Os solicitantes ou os seus representantes debidamente acreditados deberán comparecer no acto de elección, no lugar, día e hora fixados na correspondente convocatoria, en que se ofertarán as vivendas militares por rigorosa orde de baremación e de acordo coas súas características.

5. As vivendas militares cunha superficie útil inferior a 120 metros cadrados serán ofrecidas a todos os solicitantes. Aquelas cuxa superficie útil sexa igual ou superior a 120 metros cadrados serán ofertadas prioritariamente, se os houber, a solicitantes cuxa unidade familiar conste de sete ou máis membros.

6. Unha vez ofertada unha vivenda militar que reúna as condicións referidas no punto 2 deste artigo, a renuncia do solicitante a ela, expresa ou por incomparecencia ao acto de elección, causará unicamente o efecto da súa baixa na lista de peticionarios de vivenda militar, á cal non se poderá incorporar mentres continúe destinado na mesma localidade ou área xeográfica.

7. De cada acto de elección de vivendas militares redactarase a acta correspondente, en que quedará constancia das aceptacións e renuncias, así como de calquera incidencia que se produza. A referida acta deberá estar asinada, en todo caso, por aqueles solicitantes que aceptasen unha vivenda.

A renuncia a unha vivenda con posterioridade ao acto de elección, salvo que se deba a unha causa non imputable ao beneficiario, producirá os efectos establecidos no artigo 30.5.

8. A opción a praza de aparcadoiro, se a houber, será potestativa. O uso da praza de aparcadoiro poderá ser obxecto de renuncia en calquera momento, pero finalizará ineludiblemente ao cesar no uso da vivenda militar.

Non obstante o anterior, no caso de vivendas unifamiliares en que a praza de aparcadoiro forme parte inseparable da vivenda, coa adxudicación da vivenda entenderase adxudicada a praza de aparcadoiro, non se poderá renunciar a esta última e deberanse aboar ambos os canons de uso.

#### Artigo 30. *Adxudicación.*

1. A adxudicación das vivendas militares, ofertadas en réxime de arrendamento especial e que fosen obxecto de elección farase mediante resolución do director xerente do Invied e será efectiva desde o momento da súa notificación ao interesado.

2. O contrato de cesión de uso, de natureza administrativa especial, formalizarase no correspondente documento administrativo, nos termos e condicións que se determinen de acordo co establecido neste estatuto.

Tendo en conta a natureza dos contratos que se subscriban e os seus destinatarios, estes quedarán exentos de prestación de garantía.

3. Unha vez notificada a adxudicación e formalizado o contrato, entregarase a vivenda militar, do que quedará constancia na acta correspondente.

A partir deste momento, o adxudicatario disporá dun prazo dun mes para a súa ocupación, logo de entrega, de ser o caso, da vivenda militar que viñese ocupando.

Excepcionalmente, por razóns derivadas do destino ou por circunstancias persoais debidamente acreditadas, o director xerente do Invied poderá ampliar o citado prazo.

Transcorrido o dito prazo sen que se ocupe a vivenda por causa imputable ao beneficiario, a adxudicación quedará sen efecto e aquel non poderá incorporarse á lista de peticionarios de vivenda militar nin percibir compensación económica mentres continúe destinado na mesma localidade ou área xeográfica.

4. O adxudicatario estará obrigado a aboar o canon ou, de ser o caso, a taxa correspondente ao mes en que se lle entrega a vivenda militar, así como pola praza de aparcadoiro no suposto de tela, se esta se produce nos primeiros dez días e, consecuentemente, deixará de percibir a compensación económica do mesmo mes no suposto de que estivese percibíndoa.

5. Unha vez entregada formalmente a vivenda militar adxudicada, se o beneficiario renuncia a ela non poderá incorporarse á lista de peticionarios de vivenda militar nin percibir compensación económica mentres continúe destinado na mesma localidade ou área xeográfica.

6. O adxudicatario dunha vivenda militar estará obrigado a notificar ao Invied, no prazo de quince días, o cesamento no destino que dá dereito á súa ocupación, así como calquera cambio na súa situación que supoña a cesación ou modificación deste dereito.

7. Non poderán resultar adxudicatarios de vivenda militar en réxime de arrendamento especial, nin percibir compensación económica por cambio de destino nunha determinada localidade ou área xeográfica, os militares que fosen desaloxados en virtude de auto

xudicial de entrada en domicilio tras a firmeza da resolución que puxese fin a un expediente administrativo de desafuzamento na dita localidade ou área xeográfica.

Artigo 31. *Perda do dereito de uso.*

1. O dereito de uso das vivendas militares que se declaren expresamente como non alleables e se ocupen, en réxime de arrendamento especial, con posterioridade ao 11 de xullo de 1999, cesará polas seguintes causas:

- a) Cambio na situación administrativa que outorgou o dereito ao uso da vivenda.
- b) Cambio de destino cando implique cambio de localidade ou área xeográfica ou cando a vivenda estea vinculada ao citado destino.

Non obstante o anterior, por necesidades operativas dos exércitos, o director xerente do Inviad, logo de informe daqueles, poderá determinar destinos nos cales, mesmo non coincidindo co lugar onde está sita a vivenda militar, non cesará o dereito de uso.

O réxime establecido no punto anterior será de aplicación a:

1.º Mandos e destinos cuxa duración non sexa superior ao prazo de 24 meses sempre que se obteña un destino inmediato posterior na localidade ou área xeográfica onde se encontre a vivenda militar, ou no recinto militar, no caso de vivendas vinculadas.

2.º Destinos nos cales os que os desempeñen se encontren realizando calquera curso de ensino nas Forzas Armadas de formación, perfeccionamento ou de altos estudos da defensa nacional.

En todo caso, exceptúanse do réxime sinalado no parágrafo segundo desta letra b) aqueles destinos que comporten a adxudicación de pavillón de cargo.

A relación dos destinos a que fai referencia o dito parágrafo segundo é obxecto de publicación no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa».

- c) Perda da condición de militar de carreira ou de militar profesional de tropa e mariñeiría.
- d) Paso a retiro do titular.
- e) Falecemento do titular.

A todas as causas anteriores poderanlles ser de aplicación, de ser o caso, as previsións dispostas no artigo 25.

2. Os usuarios da vivenda deberán desaloxala no prazo dun mes a partir da data en que produza efectos a correspondente disposición declarativa de calquera das causas ou do falecemento do titular.

No caso de non se producir o desaloxo voluntario, incoarase o correspondente expediente de desafuzamento, que se axustará ao procedemento sinalado nos artigos 142 ao 144 do Decreto 2114/1968, do 24 de xullo, polo que se aproba o regulamento para a aplicación da Lei sobre vivendas de protección oficial, texto refundido aprobado polos decretos 2131/1963, do 24 de xullo, e 3964/1964, do 3 de decembro, cuxa resolución deberá notificarse aos interesados no prazo máximo de seis meses.

Artigo 32. *Vivendas militares non alleables vinculadas a determinados destinos.*

1. O secretario de Estado de Defensa, unha vez oídos os cuarteis xerais dos exércitos e os centros directivos do departamento, determinará a relación das vivendas militares non alleables localizadas dentro de bases, acuartelamentos, edificios ou establecementos militares, que quedan vinculadas aos destinos xenéricos das unidades, centros ou organismos localizados neles.

2. O réxime aplicable ás vivendas mencionadas no punto anterior e aos seus usuarios será o establecido neste estatuto, coas excepcións que se sinalan a seguir:

- a) Unicamente poderán ser ofrecidas e, por tanto, adxudicadas ao persoal que teña asignados os destinos a que estean vinculadas.



b) Para a fixación da contía dos canons de uso destas vivendas terase en conta, ademais do establecido no artigo 21, a súa localización no interior de bases, acuartelamentos, edificios ou establecementos militares e a súa vinculación a destinos xenéricos de unidades, centros ou organismos.

c) O cesamento no destino a que estea vinculada a vivenda será causa de perda do dereito de uso desta, e será de aplicación o establecido no artigo 31.2. Non obstante, cando se dean os supostos previstos no parágrafo segundo do artigo 31.1 b), observarase o que se prevén nel e, da mesma forma, observarase o previsto no artigo 27.2, cando se dea o caso.

3. Ás vivendas militares vinculadas a determinados destinos que se encontren ocupadas por persoal ao cal non lle corresponda, así como aos seus usuarios, non lles será de aplicación o establecido no punto 2.b).

### CAPÍTULO III

#### **Pavillóns de cargo**

Artigo 33. *Pavillóns de cargo.*

1. O ministro de Defensa regulará o réxime aplicable aos pavillóns de cargo, definidos no artigo 18.2 deste estatuto, en que se determinarán os cargos e destinos aos cales se asignarán como domicilio oficial ou de representación social, atendendo a criterios, entre outros, de destacada responsabilidade ou á necesidade dunha presenza continuada en función das actividades que deban realizarse; o procedemento para a cualificación e descualificación como tales dos correspondentes inmobles; as normas para a súa adxudicación, ocupación, administración, conservación e desaloxo e as incompatibilidades que, de ser o caso, se consideren de aplicación aos seus usuarios.

2. Para a súa cualificación como pavillóns de cargo, elixiranse prioritariamente as vivendas situadas no interior de bases, acuartelamentos, edificios e establecementos militares; na súa falta, as integradas en edificios declarados non alleables e, en último lugar e con carácter excepcional, outras vivendas.

3. Producido o cesamento efectivo no cargo, a extinción da causa que motivou a adxudicación dun pavillón de cargo, ou calquera das previstas no artigo 23 que poidan resultar aplicables, e unha vez transcorrido o prazo que se fixe desde a recepción do requirimento que lle faga o Invied para o desaloxo voluntario do inmovible, sen que o titular ou aqueles que con el convivan o desaloxasen, incoarase o correspondente expediente administrativo de desafuizamento, que se axustará ao procedemento establecido nos artigos precedentes para as vivendas militares.

4. Os inmobles cualificados como pavillóns de cargo non poderán ser alleados e a súa descualificación, cando variasen as circunstancias que a motivaron, realizarase unha vez que se encontren baleiros, mediante a correspondente disposición en que se sinalará o seu uso ou destino posterior.

### TÍTULO III

#### **Alleamento de bens e dereitos**

### CAPÍTULO I

#### **Disposicións xerais para o alleamento dos bens inmobles**

Artigo 34. *Disposicións xerais e trámites previos.*

1. Os bens inmobles, distintos das vivendas militares, que sexan desafectados polo ministro de Defensa e postos á disposición do Invied serán obxecto de alleamento, sen prexuízo do disposto no título IV, capítulo II. O réxime especial de alleamento das vivendas

militares será o establecido na disposición adicional segunda da Lei 26/1999, do 9 de xullo, e no capítulo III deste título.

2. Tamén se considerarán dispoñibles para efectos do seu alleamento oneroso polo Invied os bens inmobles que, en substitución doutros inicialmente desafectados e postos á disposición, se obteñan como consecuencia da formalización de permutas, reparcelacións efectuadas en execución do planeamento urbanístico, execución de convenios e operacións patrimoniais que o Instituto poida realizar para mellorar a rendibilidade dos alleamentos dos inmobles.

3. O órgano competente para acordar o alleamento dos bens inmobles e dereitos reais, tanto propios como postos á disposición do organismo público, será o director xerente do Invied, excepto no caso de procedementos de alleamento directo dos bens desafectados e postos á disposición, en que a competencia será do ministro de Defensa.

Non obstante o anterior, o alleamento deberá ser autorizado polo Consello de Ministros nos casos previstos no artigo 135.3 da Lei 33/2003, do 3 de novembro.

4. A posta á disposición do Invied non prexudicará os posibles dereitos de terceiros sobre os ditos bens, que serán exercidos ante o organismo autónomo, o cal quedará subrogado para todos os efectos nos dereitos e obrigacións que correspondían ao Estado.

O Instituto será competente para realizar cantas actuacións se promovan de oficio ou por instancia dos interesados en razón dos dereitos que poidan derivar da desafectación do fin para o que os bens foron, no seu día, expropiados ou doados.

5. Con carácter previo ao alleamento, os bens inmobles deberán estar depurados física e xuridicamente, practicarse o deslindamento, se for necesario, e inscribíranse no Rexistro da Propiedade se aínda non o estivesen. O organismo exercerá as facultades de investigación, deslindamento e regularización rexistral, ademais de todas aquelas previstas na lexislación correspondente.

Non obstante, poderán allearse bens que se vaian segregar doutros de titularidade de quen os allee, ou en trámite de inscrición, deslindamento ou suxeitos a cargas ou gravames, sempre que estas circunstancias se poñan en coñecemento do adquirente e sexan aceptadas por este.

Poderanse allear bens litixiosos conforme o disposto no artigo 140 da Lei 33/2003, do 3 de novembro.

6. Antes de proceder ao alleamento de calquera ben inmovible posto á disposición, efectuarán a súa taxación pericial nos termos sinalados no artigo 114 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, ben os servizos técnicos do Instituto ben, con carácter excepcional, servizos externos de taxación.

A taxación deberá ser aprobada polo director xerente do organismo.

As taxacións terán un prazo de validez dun ano, contado desde a súa aprobación.

7. Con carácter previo ao alleamento dos bens inmobles, o Instituto deberá comunicalo ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado, que poderá optar, no prazo de dous meses, por manter os bens no patrimonio do Estado para afectalos ou adscribilos a calquera outro servizo da Administración xeral do Estado ou dos seus organismos públicos, mediante a correspondente compensación orzamentaria a favor do Invied polo valor do ben.

Para efectos de poder exercer a dita opción, á comunicación anterior deberáselle achegar a documentación identificativa do inmovible.

Se a Dirección Xeral do Patrimonio do Estado considerara de interese o inmovible e para efectos de tomar unha decisión definitiva sobre o exercicio da opción, poderá solicitar ao Instituto unha descrición detallada do inmovible, xunto cos seus datos rexistrais e a súa taxación, que se deberá efectuar considerando o uso urbanístico correspondente ao destino que lle vaia outorgar o servizo da Administración xeral do Estado ou o organismo público a que se vaia afectar ou adscribir, mesmo cando a actual clasificación e cualificación urbanística do dito ben implique un valor superior. A solicitude pola Dirección Xeral do Patrimonio do Estado desta información complementaria suspenderá o prazo de dous meses para efectuar a opción até que se reciba a documentación correspondente.

As condicións da compensación e a súa articulación fixaranse nun convenio entre o Invied e o departamento ministerial ou organismo interesado en obter a posta á disposición do ben que, unha vez subscrito, será remitido á Dirección Xeral do Patrimonio do Estado para iniciar a tramitación da correspondente orde de afectación ou adscrición.

Con carácter excepcional, a compensación orzamentaria a favor do Invied poderase realizar en especie, en particular en obras e na construción de instalacións que se consideren necesarias para efectuar operacións vinculadas á entrega do ben ou noutros bens.

Se transcorresen dous meses desde a notificación ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sen que se recibise ningunha comunicación ao respecto, entenderase que o dito ministerio non opta por manter o ben no patrimonio do Estado, e o Invied poderá proceder ao alleamento proposto.

8. A Intervención Xeral da Administración do Estado emitirá informe previo nos procedementos de alleamento directo e permuta de bens ou dereitos cuxo valor supere 1.000.000 de euros, nos de explotación cuxa renda anual exceda a dita contía, e nos de cesión gratuíta que deban ser autorizados polo Consello de Ministros. Este informe examinará especialmente as implicacións orzamentarias e económico-financeiras da operación.

9. O alleamento de bens inmoables e dereitos sobre estes, situados no estranxeiro, desafectados e postos á disposición do Instituto será tramitado e resolto por este, logo de informe favorable do ministro de Facenda e Administracións Públicas.

10. Non se poderán allear terreos estremeiros co dominio público marítimo-terrestre ou situados na súa zona de influencia sen a declaración previa de resultaren innecesarios para a protección ou utilización do dito dominio, nos termos previstos na Lei 2/2013, do 29 de maio, de protección e uso sustentable do litoral e de modificación da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas.

## CAPÍTULO II

### Regras xerais para o alleamento dos bens inmoables

#### Artigo 35. *Formas de alleamento.*

1. O alleamento dos bens inmoables poderá realizarse mediante concurso, poxa ou adxudicación directa.

2. Non obstante o anterior, o alleamento das vivendas militares, coa excepción das recollidas no artigo 43.3, efectuarase polo procedemento establecido na disposición adicional segunda da Lei 26/1999, do 9 de xullo, e no capítulo III deste título.

#### Artigo 36. *Disposicións comúns aos concursos e ás poxas.*

1. O director xerente, logo de informe da Asesoría Xurídica, aprobará os pregos de condicións reguladores do concurso ou poxa nos cales necesariamente deberán constar, conforme o sinalado polo artigo 97.3 do Regulamento xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1373/2009, do 28 de agosto, a plena descrición do obxecto que se allea, o procedemento de venda seleccionado, a taxación do ben ou dereito, que determinará o tipo de licitación, os requisitos que deben reunir os licitadores e a documentación que deban presentar, as garantías que hai que constituír, o lugar e o prazo de presentación daquelas e todo o relativo á apertura de ofertas e adxudicación, así como as demais condicións que procedan segundo o tipo de alleamento elixido.

2. A mesa de licitación estará composta por un presidente, que será o subdirector xeral económico-financeiro, un membro do corpo xurídico militar con preferencia entre os destinados na Asesoría Xurídica do organismo, un membro do corpo militar de Intervención destinado na Intervención Delegada do Instituto e dous vogais en representación do organismo, un dos cales pertencerá á subdirección xeral que resulte competente por razón

da materia. Así mesmo, un dos dous vogais, que deberá ser funcionario, actuará como secretario con voz e voto.

3. De acordo co artigo 137.6 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, para poder participar nos procedementos de alleamento, distintos dos referentes ás vivendas militares, os cales se rexerán polas súas disposicións específicas, os interesados deberán constituír unha garantía dun 5 por cento do valor de taxación dos bens. En casos especiais, atendidas as características do inmovible e a forma ou circunstancias do alleamento, o director xerente poderá elevar o importe da garantía até un 10 por cento do valor de taxación.

A garantía poderá constituírse en calquera modalidade prevista na lexislación de contratos do sector público, depositándoa na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais das delegacións de Facenda e Administracións Públicas. En caso de que así se prevexa nos pregos, a garantía tamén poderá constituírse mediante cheque conformado ou cheque bancario, na forma ou lugar que se sinalen nos pregos.

A acreditación da constitución da garantía tamén poderá facerse por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, sempre que así se prevexa no prego.

A garantía constituída en efectivo ou en cheque conformado ou bancario aplicarase ao prezo da venda.

Este depósito devolveráselles a aqueles que non resultasen adxudicatarios.

De concorreren licitadores agrupados, a garantía expresará necesariamente que cobre solidariamente as responsabilidades da agrupación e de cada unha das empresas.

4. A resolución do concurso ou a adxudicación da poxa notificaráselles a aqueles que resulten adquirentes para que procedan ao pagamento do prezo, os gastos do procedemento e os tributos que correspondan mediante ingreso na conta do organismo no prazo dun mes desde a recepción da notificación.

En caso de pagamento aprazado, seguiranse as prescricións contidas nos artigos 134 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, e 99 do seu Regulamento xeral, aprobado polo Real decreto 1373/2009, do 28 de agosto.

5. De acordo co previsto no artigo 113 da mencionada Lei 33/2003, do 3 de novembro, os alleamentos de bens inmovibles ou dereitos sobre eles formalizaranse en escritura pública. Os gastos que se orixinen como consecuencia disto serán por conta do adxudicatario. A falta de concurrencia do adxudicatario ao outorgamento da escritura implicará o decaemento do seu dereito e a perda da fianza, sen prexuízo do resarcimento ao organismo dos danos e perdas ocasionados.

6. No caso de que a adxudicación resulte falida por non se poder formalizar o contrato por causa imputable ao adxudicatario, o alleamento poderá realizarse a favor do licitador que presentase a seguinte oferta máis vantaxosa ou proceder ao alleamento directo do ben.

### *Sección 1.<sup>a</sup> Concurso*

#### *Artigo 37. Procedemento de concurso.*

1. En caso de inmovibles cuxa forma de alleamento sexa o concurso, aplicaranse as normas sobre esta materia contidas no título V, capítulo II, do Regulamento xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1373/2009, do 28 de agosto.

2. Non obstante o anterior, o alleamento das vivendas militares rexerase polo disposto no capítulo III deste título.

### *Sección 2.<sup>a</sup> Poxa*

#### *Artigo 38. Procedemento de poxa.*

1. O Invied poderá allear por poxa os bens inmovibles e dereitos que sexan postos á súa disposición, de acordo co disposto no artigo 71.cinco da Lei 50/1998, do 30 de

decembro, neste estatuto e, na súa falta, nas previsións contidas na Lei 33/2003, do 3 de novembro, e demais disposicións de desenvolvemento.

2. Así mesmo, poderá allear por poxa as vivendas militares a que fai referencia o artigo 43.3, así como os demais inmobles e dereitos propios, nos termos previstos na Lei 26/1999, do 9 de xullo, neste estatuto e demais disposicións de desenvolvemento.

3. Poderán ser utilizados para a poxa dos bens inmobles e dereitos reais as modalidades de poxa pública á alza ou con presentación de ofertas en sobre pechado. Así mesmo, poderanse utilizar medios telemáticos para a realización das poxas de acordo cos procedementos que se establezan ao respecto.

Artigo 39. *Poxa á alza e con proposición económica en sobre pechado.*

1. Ás poxas á alza e con proposición económica en sobre pechado aplicaráselles as normas do título V, capítulo II, do Regulamento xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1373/2009, do 28 de agosto, naquilo que lles resulte aplicable.

2. Con carácter específico, establécense as seguintes normas para este tipo de poxas:

a) Prego de condicións: o director xerente do Instituto, logo de informe da Asesoría Xurídica, aprobará os pregos de condicións reguladores das poxas nos cales necesariamente se identificará:

1.º O obxecto da poxa.

2.º A clase de poxa.

3.º O prezo tipo de licitación, que non poderá ser inferior ao de taxación do ben.

4.º Os requisitos que deben reunir os licitadores e a documentación que deban presentar.

5.º A garantía que se debe constituír, o lugar e prazo da súa presentación e todo o relativo á apertura de ofertas e adxudicación, de acordo coa clase de poxa.

b) Anuncios: a poxa anunciarase de acordo co disposto no artigo 138.3 da Lei 33/2003, do 3 de novembro.

O Invied poderá establecer mecanismos complementarios tendentes a difundir información sobre os bens inmobles en proceso de venda, incluída a creación, con suxeición ás previsións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, de ficheiros cos datos das persoas que, voluntaria e expresamente, soliciten que lles sexa remitida.

c) Acreditación da personalidade, capacidade e representación: os licitadores deberán acreditar ante a mesa a súa personalidade, capacidade e representación, mediante os documentos que para estes efectos se determinan nos pregos de condicións da poxa.

d) Adxudicación: a adxudicación definitiva realizaraa, no prazo máximo de trinta días contado desde o día seguinte ao de realización da poxa, o director xerente do organismo, logo de informe da súa Asesoría Xurídica. De non se ditar o acordo de adxudicación dentro do prazo sinalado no parágrafo anterior, os licitadores terán dereito a retirar as súas proposicións e a que se lles devolvan as garantías que prestasen.

e) O pagamento do importe: o adxudicatario da poxa deberá ingresar o importe do remate, os gastos do procedemento e os tributos que correspondan na conta designada do Instituto no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da notificación da resolución de adxudicación.

f) En caso de que o adxudicatario non cumpra coas obrigacións establecidas nos parágrafos anteriores, considerarase decaído automaticamente no seu dereito e acordarase a perda da fianza, así como o resarcimento ao Invied dos danos e perdas que puidese ocasionar.

*Sección 3.ª Alleamento directo*Artigo 40. *Procedemento de alleamento directo.*

1. Os bens inmobles propios e os postos á disposición do Invied poderán ser alleados de forma directa nos supostos que se prevén no artigo 137.4 da Lei 33/2003, do 3 de novembro.

2. O procedemento de venda directa axustarase ao establecido no presente capítulo para cada tipo de bens e no Regulamento xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1373/2009, do 28 de agosto.

3. En caso de alleamentos directos poderase establecer parte do pagamento en especie, en particular en obras e na construción de instalacións que se consideren necesarias para efectuar operacións vinculadas á entrega do ben.

4. Nas vendas directas de inmobles poderán estipularse aprazamentos de pagamento de até as tres cuartas partes do prezo por período non superior a dez anos e sempre que o pagamento das cantidades aprazadas se garanta suficientemente mediante condición resolutoria explícita, hipoteca, aval bancario, seguro de caución ou outra garantía suficiente usual no mercado. O xuro de aprazamento non poderá ser inferior ao xuro legal do diñeiro.

5. Os gastos que se orixinen como consecuencia do alleamento serán por conta do comprador.

## CAPÍTULO III

**Regras específicas para o alleamento de vivendas militares**Artigo 41. *Procedementos e calendarios de vendas.*

1. As vivendas que non estean incluídas nas ordes ministeriais a que se refire o artigo 19.2 poderán ser obxecto de alleamento de acordo coas normas contidas neste estatuto, que serán de expresa aplicación en todo caso. Por tanto, exclúese calquera outro réxime específico a que se puidesen ter acollido con anterioridade as citadas vivendas militares e demais inmobles.

2. Os prezos de venda para o alleamento por adjudicación directa das vivendas e os que se fixen como base de licitación para o seu alleamento polos procedementos de concurso ou poxa determinaranse mediante resolución do director xerente do Invied e serán os que figuren nas respectivas ofertas de venda.

3. Os adjudicatarios de vivendas militares farán efectivo o importe da compravenda ao contado, no momento de formalizar a escritura pública.

4. Desde o momento en que se allee en todo ou en parte un inmovible, a comunidade de propietarios asumirá todos os servizos e elementos comúns do predio transmitido. En cada unha delas integrarase o Invied como propietario das vivendas ou locais que non fosen alleados.

5. As vivendas adquiridas polo procedemento de adjudicación directa ou concurso non poderán ser obxecto de alleamento até que non transcorresen tres anos desde o momento da compravenda, salvo falecemento do adquirente.

A hipoteca para a compra da vivenda non se entenderá incluída nesta prohibición legal de disposición do ben inmovible.

Para estes efectos, entenderase por hipoteca a que se formalice no momento de adquisición da vivenda, calquera que sexa a súa contía.

En todo caso, durante o período de dez anos desde a adquisición da vivenda, a súa primeira transmisión por actos *inter vivos* dela, de parte dela ou da cota indivisa, deberá ser notificada fidedignamente ao Invied, con indicación do prezo e condicións en que se pretende realizar a compravenda. No prazo dun mes desde a recepción da notificación, o referido Instituto deberá autorizar a transmisión ou exercer o dereito de tanteo.



O terceiro adquirente quedará obrigado a remitir ao mesmo organismo unha copia da escritura pública en que se efectuou a compravenda. Se a transmisión se efectúa sen ter practicado a precitada notificación ou en condicións distintas das indicadas nesta, o Instituto poderá exercer o dereito de retracto no prazo dun mes desde a recepción da escritura pública.

Para a inscrición dos referidos títulos de propiedade no correspondente Rexistro da Propiedade, será condición necesaria a acreditación de ter efectuado os trámites previstos nos dous parágrafos anteriores.

6. Os contratos de compravenda que se subscriban como consecuencia do alleamento de vivendas militares, locais comerciais e outros inmobles de propiedade do extinto Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas terán a natureza de contratos privados da Administración.

7. O ministro de Defensa fixará, en todo caso, os criterios para determinar a orde de prelación e os calendarios de venda das vivendas militares, de acordo cos intereses públicos.

8. Parar poderen ser alleadas, as vivendas militares deberán estar administradas polo Invied e formar parte do seu patrimonio, logo de depuración, de ser o caso, da súa situación física e xurídica; estar inscritas no Rexistro da Propiedade, unha vez finalizados os traballos necesarios de segregación, liberación de cargas e división horizontal do inmovible correspondente, e non estar incluídas nas relacións de vivendas militares non alleables a que se refire o artigo 19.2 deste estatuto.

#### Artigo 42. *Alleamento de vivendas ocupadas.*

1. As vivendas ocupadas poderán ser ofrecidas ao titular do contrato referido no artigo 20 ou, no caso de falecemento deste, ao cónxuxe que conviva con el no momento do falecemento e, na súa falta, ás persoas que se relacionan a continuación, se convivisen co último titular os dous anos inmediatamente anteriores e sempre que a vivenda constituía a súa residencia habitual:

- a) Persoa en análoga relación de afectividade que o cónxuxe,
- b) Fillos do titular cunha discapacidade igual ou superior ao 65 por cento,
- c) Demais fillos do titular e
- d) Ascendentes do titular en primeiro grao.

De existiren dúas ou máis persoas das relacionadas no parágrafo precedente, a vivenda só poderá ser ofrecida a unha delas, seguindo a orde en que se citan anteriormente. Os casos de igualdade entre os fillos resolveranse a favor do de menor idade.

Nos casos de vivendas que por sentenza ou decreto firme, ou ben mediante o outorgamento de escritura pública ante notario, se declarase nulidade, separación ou divorcio, se encontren ocupadas por persoa distinta do titular do contrato, o alleamento da vivenda ao dito titular só será posible sempre que, concorrendo todos os demais requisitos previstos neste estatuto, se cumpra a condición de facer constar expresamente na escritura pública de compravenda os aspectos relativos á atribución do uso da vivenda familiar que figuren no convenio regulador aprobado polo xuíz, ou formulado ante o secretario xudicial, ou ben en escritura pública ante notario ou, na súa falta, nas medidas tomadas por estes, así como en todas as modificacións xudiciais ditadas por alteración substancial das circunstancias de conformidade co previsto nos artigos 90 e 91 do Código civil, e que se producen antes do outorgamento da citada escritura.

Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, as vivendas ocupadas serán ofrecidas á persoa que teña asignado o seu uso por sentenza firme de separación, divorcio ou nulidade, ou por resolución xudicial que así o declare, no suposto de que non constituía a residencia habitual do titular do contrato e que este renuncie expresamente a exercer o dereito de compra unha vez recibida a oferta, ou de forma tácita se no prazo de dous meses desde a recepción da citada oferta non manifesta a súa vontade de adquisición, ou

proceda a revogar a súa aceptación, de maneira que este perde o dereito de ocupación permanente da vivenda en réxime de arrendamento especial e lle é de aplicación o establecido no artigo 64.5 do presente estatuto.

A habilitación contida nos parágrafos anteriores para que se poidan allear as vivendas non se entenderá como dereito adquirido a favor dos posibles compradores até que reciban a correspondente oferta. Non obstante, no suposto de que a persoa á cal lle deba ser ofrecida a vivenda, conforme o disposto nos parágrafos primeiro e segundo, faleza antes de recibir a oferta correspondente, os que a sigan na orde de prelación poderán, se non lles corresponde o dereito de uso con carácter vitalicio conforme o disposto no artigo 20 deste estatuto, continuar transitoriamente no uso da vivenda até que reciban a dita oferta.

2. A adquisición da vivenda será potestativa e manterase o dereito do usuario á súa ocupación permanente en réxime de arrendamento especial, conforme se determina no artigo 20. Exceptúase o caso de ocupación transitoria da vivenda previsto no último parágrafo do punto anterior, suposto en que, se no prazo de dous meses desde a recepción da citada oferta que conste fidedignamente, o interesado non manifesta a súa vontade expresa de adquisición, o Invied poderá resolver de pleno dereito o contrato suscrito sobre ela, sen que sexa de aplicación a este caso o disposto no punto 5 deste artigo.

3. O prezo final de venda das vivendas ocupadas fixarase de acordo co valor real de mercado no momento do seu ofrecemento, ao cal se aplicará a dedución que se sinala neste punto.

Para estes efectos, considerárase como valor real de mercado o que fixen, ao menos, dúas entidades de taxación inscritas no rexistro correspondente do Banco de España e seleccionadas mediante concurso público, segundo o seguinte procedemento:

a) As entidades de taxación seleccionadas, por requirimento do Invied, efectuarán senllas taxacións das vivendas, tomando como base o método de comparación, procedementos, criterios e instrucións técnicas sinalados na Orde ECO/805/2003, do 27 de marzo, sobre normas de valoración de bens inmobles e de determinados dereitos para certas finalidades financeiras, ou norma que a substitúa e aqueloutras condicións que se establezan nos pregos de prescricións técnicas.

b) A taxación determinará o prezo medio por metro cadrado da superficie total construída do inmovible. Na dita taxación computaranse os elementos comúns e servizos xerais do inmovible, a edificabilidade residual se a houber e, no suposto de vivendas unifamiliares, o valor da parcela sobre a cal se asenta a vivenda.

A edificabilidade residual susceptible de taxación a que se refire o parágrafo anterior estará supeditada, no caso de vivendas unifamiliares, a que a dita edificabilidade residual se poida materializar na parcela onde se localiza a vivenda que se vai taxar e, ademais, permita a optimización do total da edificabilidade residual existente no ámbito de actuación a que pertence a parcela en cuestión, todo iso de conformidade coas normas urbanísticas que lle sexan de aplicación. De non ser así, será de aplicación, de ser o caso, o disposto no artigo 23.2.c) deste estatuto.

No caso de que no ámbito da unidade de actuación, o uso residencial sexa de tipoloxía de vivendas plurifamiliares, e a edificabilidade residual derivada do planeamento non poida ser materializada no dito ámbito en edificio de nova planta, poderase proceder, de ser o caso, á resolución dos contratos de uso das vivendas, de conformidade co artigo 23.2.c) deste estatuto.

As empresas de taxación fixarán o valor real de mercado de cada vivenda tendo en conta o prezo medio por metro cadrado referido no primeiro parágrafo deste punto, as correspondentes correccións pola súa situación e as características específicas relevantes e que os espazos destinados a aparcadoiro se atribuirán por partes iguais entre todas as vivendas do inmovible.

c) O valor real de mercado de cada vivenda será o que resulte de obter a media aritmética das taxacións e terá unha vixencia de doce meses para efectos da oferta de venda aos seus usuarios. Transcorridos estes, será necesario determinalo de novo segundo o procedemento descrito.

Ao importe resultante como valor real de mercado aplicaráselle unha dedución que, tendo en conta os criterios que viñeron rexendo para fixar os canons de uso e a ponderación do dereito de ocupación vitalicio dos usuarios, se valora no 50 por cento, salvo a edificabilidade residual, se a houber, que computará ao 100 por cento, determinando así o prezo final de venda.

4. As vivendas ocupadas serán alleadas polo procedemento de adxudicación directa, coas seguintes particularidades:

a) O director xerente do Invied ditará a orde de inicio do expediente de alleamento, que poderá referirse a unha vivenda ou a un grupo delas.

b) Unha vez autorizada a iniciación do expediente, notificaráselle de forma individual a cada usuario a oferta de venda, en que se incluírá o prezo final asignado á vivenda que ocupa e as condicións xerais e particulares que se determinen. Así mesmo, comunicaráselles o prazo en que, se aceptan a oferta precisamente nos termos en que se realizase, deberán poñelo en coñecemento do Invied.

c) Finalizado o prazo sinalado na letra anterior, o director xerente ditará a oportuna resolución en que se adxudiquen as vivendas cuxa oferta fose aceptada, no prezo e nas condicións determinadas, o cal se notificará de forma individual aos interesados. Non obstante, para aquelas aceptacións realizadas unha vez transcorrido o prazo sinalado, poderase ditar resolución de adxudicación sempre que a taxación se encontre vixente e as necesidades do Instituto o permitan.

d) Unha vez adxudicada a vivenda, o Invied realizará as actuacións pertinentes para a formalización do correspondente contrato de compravenda.

Se algún adxudicatario non formaliza a correspondente escritura de compravenda na data que se sinale, considerarase que non acepta a oferta de venda da vivenda que ocupa.

5. Os usuarios que non aceptasen, de forma expresa ou tacitamente, a oferta de venda da vivenda que ocupan, ou non o fixesen no prazo citado na letra b) do punto anterior ou non formalizasen a escritura de compravenda, poderán posteriormente solicitar a súa compra durante un prazo de cinco anos contado desde a dita oferta. Neste caso, a nova oferta realizarase cando non perturbe os calendarios de vendas previstos e o prezo final de venda fixarase novamente, de acordo co procedemento establecido no punto 3 deste artigo.

#### Artigo 43. *Alleamento de vivendas desocupadas.*

1. As vivendas desocupadas, salvo as que, de ser o caso, o ministro de Defensa opte por asignar a outras unidades do departamento, poderán ser alleadas mediante concurso entre persoal ao servizo do Ministerio de Defensa, de acordo cos baremos e co procedemento que determine o ministro de Defensa.

Nos citados baremos teranse en conta, entre outros parámetros, a situación administrativa, a antigüidade, as cargas familiares e a proposición económica dos concursantes, ponderando, con carácter prioritario e por esta orde, que o militar se encontre na situación de servizo activo, así como a circunstancia, debidamente acreditada, de ter desaloxado a vivenda militar que ocupaba, en aplicación do Real decreto 1751/1990, do 20 de decembro, polo que se crea o Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas, se suprimen o Padroado de Casas Militares do Exército de Terra, o Padroado de Casas da Armada, o Padroado de Casas do Exército do Aire, e se ditan normas en materia de vivendas militares, como consecuencia do paso a situacións de reserva.

2. Nos correspondentes concursos fixarase como prezo de licitación para cada vivenda o prezo final de venda resultante da valoración efectuada segundo o procedemento descrito no punto 3 do artigo anterior.

3. As vivendas desocupadas que non se adxudiquen polo procedemento de concurso serán alleadas por poxa pública, con suxeición ao procedemento previsto no capítulo II.

Tamén poderán ser alleadas por adxudicación directa cando concorran as circunstancias previstas no artigo 137.4 da citada Lei 33/2003, do 3 de novembro.

## CAPÍTULO IV

### Regras específicas para o alleamento de inmobles propios

Artigo 44. *Alleamento de locais comerciais arrendados.*

1. Os locais comerciais que se encontren arrendados poderán ser alleados polo sistema de adxudicación directa ao seu lexítimo arrendatario no prezo que se fixe, por resolución do director xerente do Invied, de acordo co procedemento descrito no punto 4 do artigo 42 deste estatuto, sen aplicación da dedución prevista no punto 3 do mesmo precepto. En caso de que o usuario non acepte a compra, poderase allear segundo o disposto no artigo seguinte.

Artigo 45. *Alleamento doutros inmobles.*

Os locais comerciais e demais inmobles propios que non teñan usuario, distintos das vivendas militares, serán alleados consonte os procedementos establecidos no artigo 137 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e no capítulo II do título V do seu Regulamento xeral, aprobado polo Real decreto 1373/2009, do 28 de agosto.

No alleamento destes inmobles observaranse as prescricións contidas no artigo 34 do presente estatuto. No caso de que se opte pola súa afectación ou adscrición a outros servizos da Administración do Estado ou dos seus organismos públicos, o inmovible incorporarase ao patrimonio da Administración xeral do Estado mediante a correspondente compensación orzamentaria.

## CAPÍTULO V

### Alleamento de solo a cooperativas

Artigo 46. *Alleamento de solo a cooperativas.*

1. Co fin de facilitar o acceso á propiedade de vivenda dos membros das Forzas Armadas o Invied poderá acordar o alleamento de solo a cooperativas cuxo fin primordial sexa a construción de vivendas en propiedade para os membros das Forzas Armadas.

2. Só será susceptible de alleamento a cooperativas o solo que, no momento da constitución do Invied, sexa de titularidade do extinto Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas.

3. O ministro de Defensa determinará os requisitos e procedementos para a aplicación da medida prevista neste artigo e fixará os criterios de valoración para a súa concesión, acordos coa súa finalidade. Todo isto de conformidade coas condicións que se sinalan no punto seguinte.

4. O alleamento de solo a cooperativas estará suxeito á dispoñibilidade de terreos destinados para esta finalidade polo Invied e deberá reunir, en todo caso, as seguintes condicións:

- a) As vivendas que constrúan as citadas cooperativas serán en réxime de protección oficial.
- b) O alleamento do solo realizarase mediante o procedemento de concurso.
- c) O prezo de oferta do solo fixarase de acordo co módulo legalmente establecido segundo o réxime sinalado anteriormente.
- d) A adxudicación do concurso realizarase pola aplicación do baremo que para tal efecto estableceza o ministro de Defensa, no cal se primará, entre outras condicións dos

cooperativistas, a de ser militar profesional que mantén unha relación de servizos de carácter permanente, en situación de servizo activo.

## CAPÍTULO VI

### Alleamento de bens mobles

Artigo 47. *Alleamento de bens mobles, armamento, material, equipamento e outros produtos de defensa.*

1. O Invied poderá allear, logo de posta á disposición por parte do ministro de Defensa, bens mobles, armamento, material, equipamento e outros produtos de defensa, do Ministerio de Defensa, unha vez ditado o correspondente acordo de alleamento, que implicará a súa desafectación e baixa do inventario.

A tramitación do procedemento para o alleamento destes bens, así como a súa valoración, realizarana os órganos que se sinalan no Real decreto 1638/1999, do 22 de outubro, polo que se regula o alleamento de bens mobles e produtos de defensa no Ministerio de Defensa, e as súas disposicións de desenvolvemento, e corresponderá ao director xerente a formalización do contrato. Nos casos en que o alleamento se rexa pola Lei 33/2003, do 3 de novembro, corresponderá ao director xerente a formalización do contrato ou o ditame da resolución de alleamento.

2. Para os alleamentos no estranxeiro aplicarase o que se establece na Lei 53/2007, do 28 de decembro, sobre o control do comercio exterior de material de defensa e de dobre uso, así como as disposicións que a desenvolven.

3. O alleamento de bens mobles distintos aos recollidos nos puntos anteriores realizarase nos termos previstos neste estatuto para o alleamento de bens inmoables no que sexa de aplicación, así como na Lei 33/2003, do 3 de novembro.

## TÍTULO IV

### Outras formas de xestión dos bens

## CAPÍTULO I

### Permuta e cesión gratuíta

Artigo 48. *Permuta.*

1. Os inmoables integrantes do patrimonio propio do Invied, así como os postos á súa disposición e unha vez declarados alleables, poderán ser permutados por outros alleos, logo de taxación pericial duns e doutros, sempre que dela resulte que a diferenza do valor entre os bens que se trate de permutar non sexa superior ao 50 por cento do que o teña maior.

2. Corresponde autorizar a permuta ao director xerente do organismo autónomo, salvo cando o valor do ben ou dereito, segundo a taxación, exceda os 20 millóns de euros, que deberá ser autorizada polo Consello de Ministros.

3. A permuta de bens e dereitos do Invied suxeitarase ás regras previstas no artigo 153 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e capítulo VI do título V do seu Regulamento xeral, aprobado polo Real decreto 1373/2009, do 28 de agosto.

Artigo 49. *Cesión gratuíta.*

1. Os bens postos á disposición do Invied que estean a ser utilizados de maneira continua como estradas, camiños ou zonas de distribución de tráfico con carácter público, extraordinariamente poderán ser transmitidos gratuitamente a favor das comunidades

autónomas e entidades locais en que se encontren situados, sempre e cando non se altere o uso a que se viñan destinando.

2. A cesión gratuíta de bens e dereitos rexeráse polas prescricións contidas no título V, capítulo V, sección 5.<sup>a</sup> da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, e no título V, capítulo VI, sección 1.<sup>a</sup>, do seu Regulamento xeral, aprobado polo Real decreto 1373/2009, do 28 de agosto.

3. En todo caso, esta transmisión deberá contar coa preceptiva autorización do Consello Reitor.

**Artigo 50. Disposicións comúns aos expedientes de alleamento, permuta e cesión gratuíta.**

Os expedientes de alleamento, permuta ou cesión gratuíta de bens que se pretendan pór á disposición do Invid para o seu alleamento poderá tramitalos este organismo mesmo cando os bens se manteñan afectados a un uso ou a un servizo público durante a súa instrución, sempre que se proceda á súa desafectación antes de ditar a resolución ou acto aprobatorio da correspondente operación patrimonial.

## CAPÍTULO II

### **Administración, aproveitamento e explotación dos bens**

**Artigo 51. Competencia.**

O director xerente do organismo poderá acordar a explotación dos bens e dereitos patrimoniais propios e postos á disposición do Instituto cando se considere que se obtería unha maior rendibilidade mediante a súa explotación.

**Artigo 52. Procedementos.**

1. A explotación dos bens ou dereitos patrimoniais poderá efectuarse a través de calquera negocio xurídico.

2. A duración dos contratos de explotación e o procedemento para a súa adxudicación serán os establecidos nos artigos 106.3 e 107, ambos da Lei 33/2003, do 3 de novembro.

3. Poderán concertarse contratos de arrendamento con opción de compra sobre inmobles con suxeición ás mesmas normas de competencia e procedemento aplicables aos alleamentos.

Exceptúase a cesión de uso das vivendas militares en réxime de arrendamento especial, dos pavillóns de cargo, das prazas de garaxe e, de ser o caso, dos locais comerciais, que se rexerán polas normas contidas na Lei 26/1999, do 9 de xullo, e neste estatuto, así como nas súas disposicións de desenvolvemento.

4. A atribución do uso de bens ou dereitos patrimoniais por prazo inferior a 30 días non se suxeitará aos requisitos deste capítulo. O director xerente fixará no acto de autorización tanto as condicións da utilización como a contraprestación que deberá satisfacer o solicitante.

**Artigo 53. Encomenda para a utilización e explotación de bens afectados a dominio público.**

1. O Ministerio de Defensa poderá encomendar ao organismo a utilización e explotación económica e comercial dos bens afectados ao dominio público cuxas características, situación e réxime de utilización fagan posible este tipo de utilización adicional.

2. Estas encomendas quedarán suxeitas ás condicións que para cada caso se establezan.



## TÍTULO V

### Adquisición de bens e dereitos

#### Artigo 54. *Adquisición de bens inmobles ou dereitos.*

1. De conformidade co disposto polos artigos 21.2 e 116.2 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, a adquisición de bens inmobles ou dereitos sobre eles a título oneroso ou gratuito será efectuada polo director xerente, logo de informe favorable do ministro de Facenda e Administracións Públicas.

2. A adquisición de bens inmobles e dereitos con destino a infraestrutura da defensa para o seu uso polas Forzas Armadas debe estar previamente autorizada no programa de investimentos do Instituto aprobado polo Consello Reitor do organismo.

3. A adquisición onerosa de inmobles terá lugar mediante concurso público. Non obstante, o director xerente poderá autorizar a adquisición directa cando o considere conveniente polas peculiaridades da necesidade que se pretende satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da adquisición resultante de acontecementos imprevisibles ou a especial idoneidade do ben.

Así mesmo, poderase acordar a adquisición directa nos supostos do artigo 116.4 da Lei 33/2003, do 3 de novembro.

Unha vez efectuada a adquisición do inmovible ou dereito, comunicárase ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para que poida ser dado de alta no Inventario xeral de bens e dereitos do patrimonio do Estado e, para o efecto, remitírase copia do título en virtude do cal se verificou a adquisición.

4. A afectación aos fins do Ministerio de Defensa para uso polas Forzas Armadas deberá ser acordada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e, unha vez efectuada, ser inscrita no Rexistro da Propiedade polo Invid.

5. A adquisición de bens inmobles sitos no estranxeiro e dereitos sobre eles será acordada polo Invid, logo de informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

#### Artigo 55. *Adquisición de bens mobles, armamento e material e equipamento.*

1. A adquisición onerosa de bens mobles, armamento e material e equipamento para uso das Forzas Armadas debe estar previamente autorizada no programa de investimentos aprobado polo Consello Reitor. O título de propiedade dos ditos bens, desde o momento mesmo da adquisición, corresponderá ao patrimonio do Estado afectado ao Ministerio de Defensa.

Non obstante o anterior, a adquisición gratuita de bens mobles rexeráse polo disposto no artigo 41 do Regulamento xeral da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1373/2009, do 28 de agosto.

2. O Consello Reitor avaliará, dentro das súas previsións orzamentarias anuais, as posibilidades de financiamento que para a adquisición de bens mobles, armamento e material e equipamento lle fosen solicitadas, de acordo cos plans aprobados polo Ministerio de Defensa.

3. Os proxectos en que se materializan as adquisicións onerosas deberán figurar identificados no anexo de investimentos reais do organismo que se xunta aos orzamentos xerais do Estado.

## TÍTULO VI

### Cooperación urbanística

Artigo 56. *Convenios urbanísticos e patrimoniais.*

O Invied poderá subscribir, para o cumprimento dos seus fins, convenios urbanísticos e patrimoniais relacionados tanto cos bens desafectados e postos á súa disposición, como cos seus bens propios.

Os referidos convenios quedan sometidos ao principio de liberdade de pactos sempre que non sexan contrarios a dereito, ao interese público ou aos principios de boa administración e neles poderán incluírse cláusulas e estipulacións que permitan a participación do Instituto nos aumentos de valor conseguidos polos compradores ou polos cesionarios dos ditos recursos e, especialmente, nas plusvalías que se xeren como consecuencia da acción urbanística.

Artigo 57. *Achegas a xuntas de compensación.*

Os bens postos á disposición do Invied poderanse achegar a xuntas de compensación de acordo coa lexislación urbanística vixente, logo de adhesión expresa.

## TÍTULO VII

### Da compensación económica e das axudas para o acceso á propiedade de vivenda

#### CAPÍTULO I

##### Disposicións comúns

Artigo 58. *Definición de localidade e área xeográfica.*

1. Para efectos do recoñecemento de compensación económica e adxudicación de vivenda militar en réxime de arrendamento especial, entenderase por localidade cada un dos municipios que figuren na relación de entidades locais determinada polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, coas excepcións que se sinalan nos puntos seguintes.

2. Respecto aos requisitos establecidos para ser beneficiario de compensación económica ou de vivenda militar en réxime de arrendamento especial, o ministro de Defensa, por proposta do Consello Reitor do Invied e logo de informe dos xefes de Estado Maior dos exércitos, poderá identificar como unha única localidade a área xeográfica formada por dous ou máis termos municipais, en función da súa razoable proximidade, posibilidades de comunicación entre eles e existencia neles de unidades, centros ou organismos do Ministerio de Defensa.

3. Para a fixación do importe da compensación económica, así como do canon de uso das vivendas militares e prazas de aparcadoiro, o ministro de Defensa poderá asociar as diferentes localidades en grupos, en función de similares condicións relativas, principalmente, á entidade dos municipios e ao mercado de alugamento das vivendas, así como a calquera outra característica que en cada caso se considere oportuna.

4. Para as medidas en quilómetros, para os efectos que se prevén respecto da residencia habitual, aplicarase o que se dispoña na correspondente orde ministerial reguladora da materia.

Artigo 59. *Destinos.*

1. Para os únicos efectos do recoñecemento de compensación económica e adxudicación de vivenda militar en réxime de arrendamento especial, terase en conta o seguinte:

a) Só xerarán dereito á adxudicación de vivenda militar os destinos regulados no título V da Lei 39/2007, do 19 de novembro, e nas súas disposicións de desenvolvemento.

b) Para o recoñecemento da compensación económica, tamén terá a consideración de destino o nomeamento como alumno ou concorrente dun curso do sistema de ensino militar regulado no título IV da Lei 39/2007, do 19 de novembro, e nas súas disposicións de desenvolvemento, se o alumno ou concorrente cesa no destino de orixe, en aplicación do disposto no artigo 25.4.k) do Regulamento de destinos do persoal militar profesional, aprobado polo Real decreto 456/2011, do 1 de abril, ou non o ten. Considerarase como localidade de destino aquela en que o alumno presta os seus servizos ou desenvolve as súas actividades, con independencia do destino asignado en virtude do artigo 25.7 do referido regulamento.

De ser o caso, as sucesivas fases en que estea dividido o curso e que impliquen cambio de localidade terán tamén a consideración de destino. Pola súa vez, considerarase como localidade de destino aquela onde se presten os servizos ou se desenvolvan as actividades en cada unha delas.

Os cursos citados anteriormente, así como as fases en que, de ser o caso, estean divididos, que teñan unha duración inferior a 30 días non terán, en ningún caso, a consideración de destino.

2. A comisión de servizos e a comisión de servizos coa consideración de residencia eventual non serán consideradas, en ningún caso, como destino.

3. Os destinos no estranxeiro non xerarán dereito a percibir compensación económica.

4. Para o persoal militar cunha relación de servizos de carácter permanente, o primeiro destino será aquel que se ocupe despois de obter o primeiro emprego militar como militar de carreira, unha vez superado o correspondente plan de estudos e obtida a titulación exixida.

5. Para o militar de complemento e o militar profesional de tropa e mariñeiría cunha relación de servizos de carácter temporal, considerarase como primeiro destino o que tivesen asignado ao cumprir tres anos de tempo de servizos.

6. Para que produza os efectos establecidos nos parágrafos anteriores deste punto, nas solicitudes de ambas as medidas de apoio deberá acreditarse mediante a publicación da correspondente resolución no «Boletín Oficial del Estado» ou no «Boletín Oficial del Ministerio de Defensa», o seguinte:

a) Os destinos sinalados nos puntos 1.a) e b), con indicación da data de efectividade ou, de ser o caso, se é para a realización dun curso, data de inicio, duración e a localidade en que o interesado prestará os seus servizos ou desenvolverá as súas actividades.

b) Cando proceda, as fases en que estea dividido o curso, con indicación da data de inicio, duración e localidade en que o interesado prestará os seus servizos ou desenvolverá as súas actividades de cada unha delas.

c) O primeiro destino, para efectos de compensación económica, dos militares de complemento e profesionais de tropa e mariñeiría cunha relación de servizos de carácter temporal, con indicación da data e localidade onde estaban prestando os seus servizos ou desenvolvendo as súas actividades na data en que se cumpriron tres anos de tempo de servizos.

## CAPÍTULO II

### Compensación económica

#### Artigo 60. *Beneficiarios.*

1. O Ministerio de Defensa facilitará ao militar de carreira das Forzas Armadas con destino, que se encontre en situación de servizo activo ou na de reserva, cando cambie de destino que supoña cambio de localidade ou área xeográfica e de residencia habitual

respecto da do primeiro ou anterior destino, a compensación económica que se fixe segundo o establecido neste capítulo.

Ao militar de complemento e ao militar profesional de tropa e mariñeiría que mantén unha relación de servizos de carácter temporal tamén se lle facilitará compensación económica unha vez cumpridos tres anos de tempo de servizos, cando se dean as circunstancias sinaladas no parágrafo anterior.

2. O militar que teña recoñecido o dereito a compensación económica e quede na situación de servizo activo pendente de asignación de destino por ter cesado no que tiña, ou na situación de servizo activo carente temporal de condicións psicofísicas, poderá continuar percibíndoa até completar o prazo máximo de 36 meses fixado no artigo seguinte. Se o novo destino que se lle asigne está na mesma localidade ou área xeográfica, o tempo que percibise compensación económica seralle computado para efectos do citado prazo máximo.

3. O militar que perdese o dereito a percibir compensación económica por ter pasado á situación de suspensión de emprego, se a sanción disciplinaria extraordinaria de suspensión de emprego executada fose posteriormente revogada con carácter definitivo en vía administrativa ou xurisdiccional, será repostado no seu dereito cando cese na dita situación e percibirá a compensación económica que lle correspondería, segundo o prazo máximo fixado.

De igual forma se actuará respecto ao militar que pasase á situación de suspensión de funcións, no caso de sobresemento do procedemento, sentenza absoluta ou terminación do expediente gubernativo sen declaración de responsabilidade.

Nos casos de perda do dereito a percibir compensación económica por ter pasado á situación de suspensión de emprego ou de suspensión de funcións en que a sanción correspondente se confirme de forma definitiva e esta non comporte a perda de destino, o militar será repostado no seu dereito desde o momento en que, cumprida a sanción, se reincorpore ao dito destino.

4. O militar que perdese o dereito a percibir compensación económica por ter pasado á situación de servizos especiais por ter sido designado como candidato a eleccións para órganos representativos públicos no exercicio do dereito de sufraxio pasivo ou ter resultado elixido nelas, e se reincorpore ao seu destino no prazo de seis meses, será repostado no seu dereito desde o momento da dita reincorporación.

5. O militar que perdese o dereito a percibir compensación económica por ter pasado á situación de excedencia voluntaria en virtude do artigo 110.5 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, e que, procedente da dita situación, se incorpore a un destino na mesma localidade ou área xeográfica que a do último destino obtido en situación de servizo activo, será repostado no seu dereito desde o momento da dita incorporación, ben que o tempo que percibise compensación económica na citada localidade ou área xeográfica lle será computado para os efectos do prazo máximo fixado.

6. O militar procedente das situacións de reserva e, sen prexuízo do establecido nos tres puntos anteriores, das de excedencia voluntaria, suspensión de emprego ou suspensión de funcións ao cal se lle asigne un destino poderá percibir compensación económica unicamente se a localidade ou área xeográfica deste é distinta da do último destino que tivese en situación de servizo activo ou de reserva.

Igual tratamento terá o militar ao cal se lle asigne un destino procedente da situación de servizos especiais, salvo que se encontrase na dita situación por ter sido autorizado polo ministro de Defensa a participar no desenvolvemento de programas específicos de interese para a defensa en organismos, entidades ou empresas alleos ao Ministerio de Defensa. En tal caso poderá percibir compensación económica se a localidade ou área xeográfica en que se encontraba en situación de servizos especiais é distinta da do destino asignado.

#### Artigo 61. *Recoñecemento do dereito.*

1. Corresponde ao director xerente do Instituto a competencia para recoñecer o dereito a percibir compensación económica, logo de solicitude dos interesados.

2. A solicitude formalizárase en modelo oficial que se dirixirá ao director xerente do Instituto, quen determinará os documentos que permitan acreditarlo e, en concreto, a residencia habitual, sen prexuízo de que poida solicitar dos órganos de xestión de persoal que corresponda a acreditación das condicións profesionais alegadas polos solicitantes.

3. A compensación económica recoñeceráselles mensualmente aos seus beneficiarios a partir do mes seguinte ao da data en que presentasen a solicitude en calquera dos rexistros ou lugares que se sinalan no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, durante o período de tempo en que se encontren destinados de forma continuada en cada localidade ou área xeográfica, cunha duración máxima de trinta e seis meses.

Os procedementos iniciados polas referidas solicitudes deberanse resolver e notificar aos interesados, na forma que se establece no punto 4 deste artigo, e nun prazo máximo de seis meses contados a partir da súa entrada nos rexistros do Instituto.

4. As relacións dos perceptores de compensación económica expóranse en edición electrónica na rede intranet do Ministerio de Defensa, na páxina web do Instituto, antes do día 25 de cada mes, o que terá efectos de notificación aos interesados.

As inadmisións ou exclusións expóranse de igual forma e notificaranse individualmente aos interesados, no lugar indicado para tal efecto na solicitude. Contra a inadmisión ou exclusión das citadas relacións os interesados poderán formular os recursos que procedan.

5. A compensación económica percibirase por meses vencidos, segundo a situación en que se encontre o interesado o primeiro día hábil de cada un deles.

6. O ministro de Defensa determinará as normas para acreditar o cambio de residencia habitual, para os efectos de solicitude de compensación económica.

7. O militar designado alumno ou concorrente dun curso do sistema de ensino militar non poderá percibir compensación económica nunha localidade en que tamén ten dereito a percibir indemnización por residencia eventual ou concepto equivalente.

En consecuencia, o dereito á percepción da compensación económica quedará, de ser o caso, suspendido durante o tempo de concorrencia das ditas situacións, e sen que iso afecte o prazo máximo da percepción económica.

## Artigo 62. *Contía e natureza.*

1. A contía da compensación económica será fixada cada ano por orde do ministro de Defensa, tendo en conta os prezos do mercado de alugamento de vivendas nas diferentes localidades e as equivalencias entre os empregos militares e os grupos/subgrupos de clasificación dos funcionarios ao servizo das administracións públicas que se sinalan a continuación:

- a) Xeneral de exército, almirante xeneral ou xeneral do aire a tenente: subgrupo A1.
- b) Alférez e suboficial maior a sarxento: subgrupo A2.
- c) Cabo maior a soldado cunha relación de servizos de carácter permanente: subgrupo C1.
- d) Cabo primeiro a soldado cunha relación de servizos de carácter temporal: subgrupo C2.

2. A compensación económica, sen prexuízo dos seus efectos fiscais, non ten carácter retributivo.

A súa percepción indebida dará lugar ao reintegro. Para tales efectos, será de aplicación o establecido no título II da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo.

A compensación de débedas poderá ter lugar, entre outros casos, cando os pagamentos indebidos fosen orixinados pola falta de comunicación debida aos beneficiarios ou por erros nas liquidacións mensuais de pagamentos efectuados e o obrigado ao reintegro teña recoñecido o dereito a percibir a referida compensación económica.

## CAPÍTULO III

**Axudas para o acceso á propiedade de vivenda**

Artigo 63. *Axudas para a adquisición de vivenda.*

1. Para facilitar o acceso á propiedade de vivenda dos membros das Forzas Armadas, o Invied poderá outorgar a concesión de axudas e subvencións aos militares de carreira das Forzas Armadas.

2. O ministro de Defensa determinará os requisitos e procedementos para a aplicación da medida prevista neste artigo e fixará os criterios de valoración para a súa concesión, acordos coa súa finalidade. Todo isto de conformidade coas condicións que se sinalan nos puntos seguintes.

3. A concesión de axudas para a adquisición de vivenda en propiedade realizarase nos termos previstos na Lei 47/2003, do 26 de novembro, e estará condicionada, en todo caso, ás dispoñibilidades orzamentarias de cada exercicio económico.

4. Para poder acceder a estas axudas deberán reunirse os seguintes requisitos:

- a) Que o solicitante se encontre en situación de servizo activo.
- b) Que a vivenda adquirida estea situada en territorio nacional e teña a consideración de primeira vivenda.

Terán a condición de primeira vivenda aquelas en que nin o solicitante, o seu cónxuxe ou persoa en análoga relación de afectividade fosen propietarios, en todo ou en parte, de inmovible destinado a vivenda, na data de terminación do prazo para presentar as solicitudes da respectiva convocatoria de axudas.

Entenderase que non teñen a consideración de primeira vivenda, para os efectos de concesión da axuda, as que fosen demolidas, declaradas en ruína ou que por decisión xudicial non estea atribuído o uso e desfrute ao solicitante.

5. Nos expedientes de tramitación para a súa concesión teranse en conta, entre outros parámetros de baremación das solicitudes, o tempo de servizos nas Forzas Armadas e as cargas familiares.

## TÍTULO VIII

**Das incompatibilidades**

Artigo 64. *Réxime xeral.*

1. A percepción de compensación económica para atender as necesidades de vivenda orixinadas por cambio de destino que supoña cambio de localidade ou área xeográfica, o uso de vivendas militares en réxime de arrendamento especial, a obtención de axudas para o acceso á propiedade de vivenda, a ocupación de pavillóns de cargo e a adquisición de vivenda alleada polo Ministerio de Defensa, polos procedementos de adxudicación directa ou concurso, terán o réxime de incompatibilidades que se establece nos puntos seguintes.

2. O titular dunha vivenda militar ou pavillón de cargo non poderá percibir compensación económica durante o tempo que a estea ocupando.

3. Non se poderá ser titular de dúas vivendas militares. Así mesmo, durante o tempo que se estea ocupando un pavillón de cargo, quedará suspendido o dereito a ser beneficiario de vivenda militar en réxime de arrendamento especial e non figurará na lista de solicitantes até o desaloxo efectivo do pavillón.

4. En ningún caso se poderá adquirir máis dunha vivenda alleada polo Ministerio de Defensa ou polos seus organismos polo procedemento de concurso ou adxudicación directa ou por cooperativa que a constrúese en terreos alleados polo extinto Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas.



5. Quen adquira unha vivenda polo procedemento de concurso ou adxudicación directa, ou como beneficiario de cooperativa que a constrúese en terreos alleados polo extinto Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas, non poderá acceder á percepción de compensación económica, nin ao uso de vivendas militares en réxime de arrendamento especial, nin á obtención de axudas para o acceso á propiedade de vivenda, nin a calquera outra axuda do Ministerio de Defensa ou dos seus organismos para a adquisición de vivenda.

6. Quen perciba calquera clase de subvención ou axuda, outorgada polo Ministerio de Defensa ou polos seus organismos para a adquisición de vivenda, non poderá acceder a outra da mesma natureza, nin á percepción de compensación económica, nin ao uso de vivendas militares en réxime de arrendamento especial, nin á obtención de axudas para o acceso á propiedade de vivenda, nin á adquisición de vivenda polo procedemento de concurso ou adxudicación directa.

*Artigo 65. Titulares de vivendas militares alleables.*

Quen sexa titular de vivenda militar alleable, durante o tempo que a estea ocupando, non poderá acceder á percepción de compensación económica, nin ao uso de vivendas militares en réxime de arrendamento especial, nin á obtención de axudas para o acceso á propiedade de vivenda, nin a calquera outra axuda outorgada polo Ministerio de Defensa ou polos seus organismos para a adquisición de vivenda, nin adquirir vivenda polo procedemento de concurso previsto no artigo 43 do estatuto.

*Artigo 66. Propietarios de vivendas alleadas polo Ministerio de Defensa.*

Sen prexuízo do disposto neste título, quen con anterioridade á entrada en vigor da Lei 26/1999, do 9 de xullo, adquirise unha vivenda adxudicada polo procedemento de concurso ou adxudicación directa polo Ministerio de Defensa ou polos seus organismos, ou por cooperativa que a constrúese en terreos alleados polo Instituto para a Vivenda das Forzas Armadas, non poderá acceder a ningunha das medidas de apoio previstas neste estatuto, salvo á compensación económica ou vivenda en réxime de arrendamento especial en localidade de destino distinta á de localización da vivenda adquirida, e cando no solicitante concorran as circunstancias que para ser beneficiario delas se determinan neste estatuto.